



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 12

Sesión plenaria
12 de xuño de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Interpelacións

4.1 572 (12/INT-000002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e catro deputados/as máis

Sobre a postura do Goberno galego ante o sistema de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10f1, do 12.04.2024

4.2 1343 (12/INT-000064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre a política de protección ambiental e a ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

4.3 1945 (12/INT-000126)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a ampliación dos servizos complementarios educativos no sistema público de ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 16f1, do 24.04.2024

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 5252 (12/POPX-000007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre as decisións que prevé adoptar o Goberno galego en relación coa mellora das condicións en que a cidadanía emprega as autoestradas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

5.2 5255 (12/POPX-000008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas que prevé tomar o Goberno galego para garantir o bo funcionamento da sanidade durante o período estival

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 5249 (12/PUP-000025)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre o funcionamento do servizo prestado polos trens Avril na liña de alta velocidade da nosa comunidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f2, do 05.06.2024



6.2 455 (12/POP-000010)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e oito deputados/as máis**

Sobre o resultado da aplicación do protocolo establecido pola Xunta de Galicia para regular o uso dos móbiles durante o tempo de lecer nos centros educativos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10f1, do 12.04.2024

6.3 5243 (12/PUP-000023)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre os criterios que fundamentan a anunciada reforma do modelo da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f2, do 05.06.2024

6.4 4544 (12/POP-000617)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis**

Sobre o balance das medidas executadas ao abeiro do Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 31f3, do 29.05.2024

6.5 5246 (12/PUP-000024)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago**

Sobre o prazo para executar a reforma integral da estrada LU-651 entre Quiroga e Folgoso do Courel

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f2, do 05.06.2024

6.6 3979 (12/POP-000562)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas para acelerar as obras que están en marcha nas instalacións da área de partos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e garantir plenamente todos os servizos desta unidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f1, do 22.05.2024

6.7 4783 (12/POP-000643)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre o prazo para o remate das obras de mellora no Hospital Materno-Infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 31f3, do 29.05.2024



6.8 4080 (12/POP-000570)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a proposta de incoar o procedemento de declaración da Rapa das Bestas de Sabucedo como ben de interese cultural inmaterial ao tempo que se aplica o correspondente réxime de protección

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f1, do 22.05.2024

6.9 2978 (12/POP-000444)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre a suficiencia da política de loita contra os residuos mariños que se está a desenvolver

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f2, do 08.05.2024



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as decisións que prevé adoptar o Goberno galego en relación coa mellora das condicións en que a cidadanía emprega as autoestradas en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S).* (Páx. 9.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 10.)

Réplica do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S).* (Páx. 12.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que prevé tomar o Goberno galego para garantir o bo funcionamento da sanidade durante o período estival. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 14.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 18.)

Interpelación de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do Goberno galego ante o sistema de financiamento autonómico. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 20.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 23.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 26.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 28.)

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política de protección ambiental e a ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 30.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto).* (Páx. 33.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 36.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto).* (Páx. 38.)



Interpelación de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D^a Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a ampliación dos servizos complementarios educativos no sistema público de ensino. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Abalde Alonso (S)*. (Páx. 40.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 43.)

Réplica do autor: *Sr. Abalde Alonso (S)*. (Páx. 46.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Pax. 48.)

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o funcionamento do servizo prestado polos trens AVRIL na liña de alta velocidade da nosa comunidade. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 49.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 50.)

Réplica da autora: *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 52.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 52.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o resultado da aplicación do protocolo establecido pola Xunta de Galicia para regular o uso dos móbiles durante o tempo de lecer nos centros educativos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. García Comesaña (P)*. (Páx. 53.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 54.)

Réplica do autor: *Sr. García Comesaña (P)*. (Páx. 55.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 55.)

Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D^a Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios que fundamentan a anunciada reforma do modelo da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Abalde Alonso (S)*. (Páx. 57.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 57.)

Réplica do autor: *Sr. Abalde Alonso (S)*. (Páx. 59.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 59.)



Pregunta de D. José Luis Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance das medidas executadas ao abeiro do Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ferro Iglesias (P)*. (Páx. 60.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Alle-gue)*. (Páx. 61.)

Réplica do autor: *Sr. Ferro Iglesias (P)*. (Páx. 62.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Alle-gue)*. (Páx. 63.)

Pregunta de D. Iago Suárez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o prazo para executar a reforma integral da estrada LU-651 entre Quiroga e Folgoso do Courel. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Suárez Fernández (BNG)*. (Páx. 64.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Alle-gue)*. (Páx. 65.)

Réplica do autor: *Sr. Suárez Fernández (BNG)*. (Páx. 66.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Alle-gue)*. (Páx. 67.)

Alteración da orde do día.

O señor presidente anuncia que se debaterán, seguidamente, dúas preguntas orais en pleno de maneira acumulada. (Pax. 68.)

Pregunta de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas para acelerar as obras que están en marcha nas instalacións da área de partos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e garantir plenamente todos os servizos desta unidade. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o prazo para o remate das obras de mellora no Hospital Materno-Infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 68.) e *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 69.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 70.)

Réplica das autoras: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 72.) e *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 74.)



Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e D. Carlos López Font, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a suficiencia da política de loita contra os residuos mariños que se está a desenvolver. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 76.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez)*. (Páx. 77.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez)*. (Páx. 78.)

Remata a sesión ás dúas e cincuenta e tres minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días, reanudamos a sesión.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as decisións que prevé adoptar o Goberno galego en relación coa mellora das condicións en que a cidadanía emprega as autoestradas en Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Grazas.

Bos días a todos e todas.

Señor Rueda, a verdade é que creo que onte foi un día importante no que se apoiou, por parte do Congreso dos Deputados, esa toma en consideración da transferencia da AP-9; da gratuidade da AP-9, en definitiva. Botámolo de menos. Eu creo que debería ter estado vostede alí. En todo caso, foi a súa elección. Eu creo que sería importante que estivese vostede alí porque, sobre todo, podería ver como o portavoz do Partido Popular falou en galego, contra a prohibición expresa do Partido Popular, que votou aquí, neste Parlamento, en contra de que se utilizase o galego no Congreso. Pero está ben, eu creo que falou ben, e nese sentido eu pediríalle que non abrise ningún expediente. «*Alberto sé fuerte*», porque, evidentemente, creo que o fixo, ademais, ben e fixo uso dun dereito que, por certo, é un clásico na democracia en España e en Galicia: os dereitos conquístanos os socialistas, están fundamentalmente impulsados por eles, e desfrútanos despois os populares, (*Aplausos.*) o cal creo que é unha a cousa ben boa, por certo.

Dicía que debería estar alí porque, efectivamente, se falou de todo, e falouse tamén da historia da AP-9; desa historia, dese currículo que ten o Partido Popular de España e de Galicia en relación coa AP-9 que realmente parece unha listaxe de cargos: primeiro, a ampliación desa concesión ata o ano 2048; posteriormente, a privatización; despois, votábase aquí unha cousa, vetábase en Madrid e facíase o contrario; e, finalmente, votábase en contra das propias bonificacións, dese camiño cara á gratuidade nas bonificacións, que tampouco considerou o Partido Popular. Porque falamos de transferencia, pero falamos fundamentalmente de gratuidade. Iso eu creo que é o que lles preocupa aos galegos e ás galegas: deixar de pagar, que as barreiras se levanten e que esas peaxes tan inxustas desaparezan do noso territorio.

Pero eu, ademais, voulle facer dúas propostas. En primeiro lugar, que a Comisión Mixta de Transferencias, máis alá do litoral —que é a única petición que entendo que teñen feito—, aumente ese número de asuntos a tratar na Comisión de Transferencias e, por exemplo, incorpore tamén o da AP-9, que eu creo que é un tema que paralelamente se pode introducir nesa Comisión Mixta de Transferencias, ademais da tramitación que leve esa lei no Congreso dos Deputados.

E, en segundo lugar, se estamos defendendo e pedindo a gratuidade daquelas autopistas de titularidade do Estado, practiquemos co exemplo, apliquemos ese «sentidiño» do que vos-



tede fala —que eu vou chamarlle «sentido común»; vou interpretalo á nosa maneira— e plantexemos tamén que a AG-55 e a AG-57 sexan gratuítas, e non colaboremos nin digamos que nós consideramos a galegos de primeira e a galegos de segunda.

Nese sentido, creo que ese sería un camiño ben interesante porque, efectivamente, na cuestión das autopistas —como dicía ao principio—, o que máis lles preocupa aos galegos e ás galegas é, efectivamente, que haxa ese levantamento das barreiras, ese levantamento que nos leve á gratuidade, máis alá da titularidade. Hoxe aos veciños e ás veciñas de Galicia que utilizan a AG-55 e a AG-57 o que lles preocupa, efectivamente, é o que teñen que pagar.

Esa é a pregunta que lle fago: se nese sentido, nese camiño de sentido común, cando pedimos a gratuidade das autoestradas de titularidade do Estado, tamén en Galicia imos seguir ese mesmo camiño ou non, porque creo que, nese sentido, fariamos un fraco favor porque daríamos unha idea clara de que, efectivamente, pedimos unhas cousas en Madrid, pero non estamos dispostos a facelas e a dalas aquí, en Galicia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, como o señor Pazos o teña que ter a vostede de valedor, vai aviado. Non se preocupe, que xa o coidamos nós.

Supoño que onte o que lle gustaría sería que non falase en galego. ¡Pois xa ve, falou en galego! (*Murmurios.*) Non, non, vostede, se non chega a falar en galego estaría dicindo... ¡Sabe Deus o que estaría dicindo! Pero, non se preocupe, coidámolo nós, señor Besteiro... Un saúdo, por certo —que non puiden facelo—, aos deputados que se incorporaron onte ao Parlamento; un saúdo público. Está aí un deputado electo no Parlamento Europeo nestas novas eleccións que creo que pode estar cinco anos, ademais; a normalidade. Polo tanto, aproveito para saudalo tamén.

Señor Besteiro, mire, vostede me pregunta sobre as medidas que pensamos tomar para que os galegos circulen con comodidade —paréceme que di na súa pregunta— polas autoestradas en Galicia. Non fixo vostede ningunha alusión. Vese claramente a intención da súa pregunta, e non se preocupe, que non vou escapar diso, pero creo que antes é bo facer un pequeno retrato de como están as cousas en Galicia. Non me estraña que vostede non queira facer ningunha alusión, porque é que non resiste a comparación nestes anos entre as infraestruturas feitas pola Xunta de Galicia e as feitas polo Goberno central, especialmente nestes últimos anos; é dicir, que non está feito practicamente nada.

E, por certo, respecto do prezo, hai que dicir que as autoestradas de titularidade da Xunta de Galicia son as máis baratas de España e as autoestradas de titularidade do Estado en Galicia son as máis caras de España, señor Besteiro. (*Aplausos.*) Polo tanto, se quere, imos por



aí, pero déixeme recordarlle que hoxe oito de cada dez galegos teñen a menos de 15 minutos unha vía de alta capacidade. Dígoo porque vostede preguntaba polo que está facendo a Xunta de Galicia para que se circule coa maior comodidade/seguridade e supoño que todo iso. Hoxe os galegos disfrutan de 220 quilómetros máis de vías de alta capacidade, de autoestradas, que no Bipartito; un 70 por cento máis, e sen impoñer unha soa peaxe, que vostedes son moi afeccionados a iso. Pasamos de 313 a 527 quilómetros.

E por darlles algún detalle —xa digo que despois, na réplica, non se preocupe que falamos da gratuidade—, na autovía Nadela-Sarria, entraron en funcionamento hai ano e medio os primeiros once quilómetros, 25 millóns de investimento, e como sabe —que vostede é desa zona— o outro día estivemos alí e estaba a alcaldesa de Lugo e outros alcaldes iniciando os trámites para o segundo tramo, que son 35 millóns. Na de Tui-A Guarda está feito un tramo, e inauguramos hai pouco, por 30 millóns, o enlace co polígono de Areas, e este ano hai consignación nos orzamentos da Xunta de Galicia —outra vantaxe de ter orzamentos— para seguir con esa vía de alta capacidade.

Na de Brión-Noia, conversión en autovías. Xa hai cartos este ano para empezar a tramitación e tamén será unha realidade. Na autovía da Costa da Morte, que herdamos do Bipartito en estado de parálise, puxemos en marcha 27 quilómetros e nesta lexislatura, 40 millóns para completala. Na vía de altas prestacións Costa Norte, 100 millóns investidos na variante de Ortigueira, no treito Celeiro-San Cibrao, e 4 millóns máis nos orzamentos deste ano para avanzar nos trámites. Na Rolda Leste de Lugo, queremos máximo consenso e, polo tanto, estámolo procurando, e nos vindeiros meses esperamos que haxa avances. Na Estratexia de eliminación de puntos negros, máis de 30 millóns de euros gastados, con baixa de sinistralidade dun 60 por cento; 50 millóns en conservación de estradas —¡conservación de estradas, señor Besteiro!, a ver se transmite a mensaxe a Madrid—.

Dime que iso é o meu traballo. Eu transmítooo sempre, pero non nos fan caso. Polo tanto, vostede —que, por certo, estaba alí como presidente da Comisión de Transportes, cando facía todo o posible para que a proposición para transferir a autoestrada non se levase a cabo— si que estaba alí; eu non. Pois a ver se di que hai que conservar as autovías de titularidade estatal en Galicia, que non somos un reino afastado que non mereza nada, e están —supoño que niso estará de acordo comigo— que dan vergonza. Vinte e oito millóns dun plan de reforzo de firme e, xa digo, señor Besteiro, moitas cousas feitas e moi poucas cousas feitas dende o Estado.

Esperemos que, polo menos, este compromiso se cumpra e esperemos que, polo menos, nesta lexislatura o Goberno estatal, a pesar de non ter orzamentos, acabe as autoestradas e as autovías que empezou en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Besteiro.



O señor GÓMEZ BESTEIRO: Que dicir sobra que eu estou encantado de que falase a metade da súa intervención en galego. Estou francamente contento. Era unha cousa absolutamente normal. O que dicía é que isto respondía a un clásico da política española e galega: construción de dereitos, consecución de dereitos, e oposición do Partido Popular a eses dereitos, pero despois desfrutámoslos. ¡Que está ben! Nós queremos que sexa así, non temos por que escondernos de dicir que foi así, e é o Partido Popular quen ten ese pequeno trauma de, efectivamente, non defender como se ten que defender a nosa lingua.

E a mesma cuestión nos trae ás autoestradas de aquí, de Galicia. Se nós estamos defendendo a gratuidade e a transferencia da AP-9 e, por certo, da AP-53 tamén —que tamén nos esquecemos con certa frecuencia deste asunto—, o que pedimos é que para nós, para aquí, para Galicia, para a AG-55 e a AG-57 haxa un compromiso por parte do presidente da Xunta de que, efectivamente, tamén se vaia cara a ese camiño da gratuidade. Xa ve que non lle establecín prazos, pero si quero saber se o presidente da Xunta de Galicia defende que a AG-55 e a AG-57 sexan gratuítas, porque, se non, estaremos dando unha mensaxe contraditoria e coincidirá comigo en que pedimos unhas cousas en Madrid, xustas, como se están pedindo, e aquí facemos todo o contrario.

¡Faltaría máis que non houberse unha evolución das infraestruturas galegas despois de quince anos de goberno! Pero hai que poñerse a traballar; por iso lle digo que hai que levar esas cousas á Comisión Mixta de Transferencias. Máis alá de que se estea tramitando esa lei, hai que traballar. Eu non podo facer o seu traballo, aínda que me gustaría facelo, pero, evidentemente, non fun investido presidente... (*Murmurios.*) Polo tanto, hai cousas que non podo facer, pero si debo animar a que vostede as faga, a que se anime, a que haxa menos festa e máis traballo. Evidentemente, salvo que vostede renuncie e me invista como presidente, eu, desgraciadamente, non podo facer o seu traballo. ¡Ben que me gustaría! E, evidentemente, non só levaría adiante a gratuidade da AP-9, senón que investiría máis en sanidade, con máis docentes... En definitiva, faría cousas nas que probablemente non coincidiríamos.

Pero eu quero que vostede o faga e que o faga mellor. Eu quero que a vostede lle vaia ben, porque, se a vostede lle vai ben, a Galicia tamén lle irá ben, estou seguro diso. Pero hai que traballar máis e hai que centrar o tiro; hai que levar eses temas importantes de Galicia a onde hai que levalos, que é á Comisión Mixta de Transferencias, e apartarse dese ruído, dese fango que lle queren trasladar desde Madrid.

Afástase dese ruído e póñase a traballar, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, falaba da intencionalidade da súa pregunta. Eu, cando a vin, sabendo, pensando e vendo —como sabe vostede tamén— como teñen as autovías, as autoestradas e



todas as vías de titularidade estatal en Galicia, vendo como as teñen e o tempo que levan para repoñer un viaduto, para arrancar e as críticas enormes que hai pola falta de conservación, primeiro, teño que dicir que non entendía moi ben. Despois, xa entendín. Supoño que era para plantexar o que acaba de plantexar.

Pois, mire, imos por partes. Se quere ser crible, chame mañá. E vaime dicir: non, é que eu non fago o seu traballo. Pois, entón, non plantexe estas cousas. Eu voullo dicir a Pedro Sánchez, cando me reciba, que supoño que xa será inmediatamente. (*Murmurios.*) Voulle ir con isto e voulle ir coa gravación na que vostede fala no seu nome, porque estivo aquí oito veces en campaña o presidente do Goberno e nunca o desmentiu. Desmentiu, iso si, inmediatamente, e deixouno co cu ao aire —perdoe que llo diga— o ministro Óscar Puente, que dixo que era absolutamente inviable, improcedente e inasumible o que vostede comprometeu.

Pero eu estou de acordo. A Xunta de Galicia está de acordo en que se vostede o di é porque supoño que falará co presidente do Goberno, porque, se o ministro de Fomento o nega e vostede o segue mantendo... Onteolveuno dicir: o prioritario é a gratuidade. Estamos de acordo. E eu dicíalle: imos por partes. Mire, despois comprometéronse á gratuidade, e xa fala coma se estivese feita. Di: ¿e agora a Xunta que vai facer, porque nós o conseguimos? Pois, mire, proba de fe: metéronlle vostedes a maior subida —unha subida salvaxe—, a pesar dese pacto que nos vendeu o BNG respecto das autoestradas; a maior subida en toda España da actualización de peaxes o 1 de xaneiro, cando na Xunta leva dous anos conxelado. Fagan vostedes o mesmo e empezamos a crelos. (*Aplausos.*) Porque comprenderá que se teñen a AP-53, a única autoestrada en España que non ten bonificacións, iso depende de vostedes. Son as dúas subidas máis altas. Mentres liberan peaxe noutros sitios de España, aquí, en Galicia, métennos as subidas máis altas de todo o Estado. E vén vostede dicir que iso xa está conseguido e que, polo tanto, que pensamos facer nós. Nós, polo de pronto, conxelamos as peaxes en Galicia por segundo ano consecutivo: case seis millóns de euros ao ano que asume a Xunta para que non o asuman os galegos. (*Aplausos.*) Vostedes «métenlles un rejón» como unha casa, señor Besteiro.

Polo tanto, é moi difícil crelo, pero, mire, eu íao crer, vai ter un voto de confianza, a ver se por unha vez o PSdeG fai de partido galego e non está ao que lle digan dende a Moncloa. Aí está o que lle dixo o señor Óscar Puente: que se esqueza dese tema, que Galicia se esqueza. Pois Galicia non se vai esquecer. Eu vou ir con esa proposta e vou dicir que, ademais, vostede non é só que o dixese en campaña, nun calentón, vendo as enquisas e vendo o que lles ía pasar, como última cousa á desesperada. Non o sei. Non é que o BNG prometese moitas cousas sobre a autoestrada, que vostedes os estean enganando dende o principio e non haxa nada hai diso, senón todo o contrario. Mire, a pesar de todo iso, vostede séguelo mantendo e eu apláudo pola súa valentía, pero tamén lle vou pedir coherencia. E cando lle vaia dicir a Pedro Sánchez que vostedes están pedindo isto polo ben de Galicia, voulle dicir que estamos de acordo e que o ten que facer, e veremos o que di vostede. Ao mellor, o señor Pedro Sánchez me di que xa escoitei o ministro de Fomento. E entón aí, ¿que facemos? Nós, desde logo, imos dicir que non estamos conformes, e faremos todo o que estea na nosa man. Esperamos ter o seu apoio, e esperamos que todas as críticas, os recursos, as accións que haxa que facer desde outro punto de vista teñan, polo menos, o acompañamento do Partido Socialista; eficacia demostrarán que non é moita.



De verdade que, se o conseguimos, será un triunfo de todos. Xa lle digo que non lle pido que faga o meu traballo, pídolle que me apoie no meu traballo, e veremos se me apoia ou non me apoia, e veremos se esas promesas que fai vostede, que volveu reafirmar onte despois de volver de Madrid, son simplemente un falar por falar ou algo de verdade.

A verdade é que, se o conseguimos, eu sería o primeiro en aplaudilo. Se quere vir comigo e o conseguimos entre os dous, tamén, e despois, se quere vir aquí e lle quere dar un bico a unha cabina de peaxe, eu aplaudireino.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que prevé tomar o Goberno galego para garantir o bo funcionamento da sanidade durante o período estival

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Bo día, señorías.

Señor Rueda, o seu goberno leva quince anos cunha estratexia de acoso e derribo á sanidade pública deste país, e a gran perdedora é a atención primaria, cun recorte de 2.139 millóns de euros en atención primaria. E por iso hoxe hai lista de espera para ir ver o médico ou a médica de cabeceira, temos unhas urxencias hospitalarias saturadas, hai miles de nenos e nenas sen pediatra asignado e por iso teñen o persoal médico de primaria esgotado e maltratado e por iso faltan profesionais nunha parte moi importante dos centros de saúde. Unha situación que pode tornarse insoportable agora que chega o verán; un período no que moitos concellos multiplican a súa poboación. E o seu Goberno, lonxe de reforzar o persoal nesas zonas que están con maior tensión turística, nin sequera é capaz de cubrir as baixas por vacacións do persoal sanitario, e isto supón unha nova volta de torca nunha atención primaria que xa está colapsada.

Neste contexto, ¿cales son as propostas do Partido Popular? Pechar camas —780 camas hospitalarias menos—, deixar sen cubrir as vacantes estivais ou limitar a atención de pediatría aos centros de cabeceira de comarca, deixando sen pediatra o resto dos centros de saúde.

E o máis lamentable é que esta situación se repite ano tras ano. Cada ano a atención primaria no verán convértese nun pesadelo para profesionais e persoas usuarias, e é a implicación e a entrega do persoal sanitario quen permite manter en pé primaria, pese á falta de organización, de apoio, de previsión e pese aos recortes do Partido Popular.

Señor Rueda, os profesionais do sistema sanitario, e tamén os galegos e as galegas, merecen moito máis que as súas improvisacións, porque iso é o que están facendo, improvisar, improvisar e improvisar e ir ocorrencia tras ocorrencia.



Vimos o ano pasado a ocorrencia de ofrecer casa gratis en Sanxenxo durante o verán. Agora chega a ocorrencia de contratar persoal médico que veranee nas zonas da Barbanza ou noutras zonas costeiras. Vostede o que lle está dicindo a un persoal que xa está esgotado é que traballe tamén no verán.

A súa outra grande ocorrencia é formar un grupo de profesionais itinerantes que se desprace polo país adiante para facer intervencións puntuais; é dicir, como se a sanidade pública fose unha especie de ambulatorio rodante que se despraza de pobo en pobo para atender a falta de infraestrutura estable, pública e continuada.

E, xa por último, a última ocorrencia é contratar os MIR que aínda non acabaron a súa formación. Isto non é só unha ocorrencia, é tamén unha ilegalidade, señor Rueda.

Déixese xa de ocorrencias. E por iso hoxe o que lle preguntamos, señor Rueda, é: ¿cales van ser as medidas que o seu Goberno vai adoptar para garantir a atención sanitaria tamén no verán? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, ¿está vostede para falar de ocorrencias e de sorpresas así de última hora! Mire, ocorrencias son, primeiro, que cada día me dá unha cifra diferente en sanidade; a que lle convén, ¿que máis dá!

De vez en canto tira do comodín da sanidade e solta cifras manipuladas, terxiversadas, cambiadas, ¿que máis dá! ¿Se a verdade e o discurso do Bloque sobre a sanidade son absolutamente incompatibles! Esta é unha pregunta clásica, e eu alégrome de falar de sanidade. Pero, mire, para falar de sanidade, hai que ter convicción e credibilidade, e vostedes, de credibilidade —sobre todo ultimamente—, andan bastante frouxos. Xa non andaban moi ben antes, ¿eh!, porque empezaron a precampaña das autonómicas cunha manifestación pola sanidade, dicindo que todo era un caos, que todo estaba fatal, que ninguén podía apoiarnos polo que estabamos facendo en sanidade; despois seguiron cunha de *pellets*, dicindo que aquilo era como o Prestige, que aquilo ía ser unha desfeita; e, ao final, pois a xente xa os vai calando. E a credibilidade para falar de sanidade tamén é moi importante, e moito máis nunha semana como esta, señora Pontón.

Vostede fai unha pregunta da sanidade porque chega a época estival e, polo tanto, toca; é un clásico. Bueno, moi ben, perfecto. Non vou escapar á pregunta ¿eh!, nin moitísimo menos, pero... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non, pero é que é moi importante falar de credibilidade e que a un o crean cando preguntan e cando responden, e vostede esta semana, sinceramente, non o ten fácil, ¿eh!

Xa lle dicía, chega a época estival e votedes adiantan as rebaixas de verán, ou máis ben llas adiantaron, señora Pontón. (Murmurios.) Non, seguro que me vai dicir que non lle podó falar



disto, pero este é o momento de falar disto para que os cidadáns saiban se se pode ou non se pode confiar nos seus políticos.

Vostedes, os luns electorais lévanos bastante mal. Recordo hai tres meses, cando todos de-sayunamos con vostede dicindo que nos ía levar á Fiscalía por falarlle de Bildu, e este luns resulta que nos enteramos todos de que —e temo que moitos dos seus votantes— resulta que moitos dos votos que lexitimamente pensaban que ían para un candidato galego, do BNG, son para un candidato do independentismo catalán, señora Pontón. Rebaixa do 40 por cento, ¡rebaixas de verán adiantadas!

Polo tanto, señora Pontón, se non nos contan a verdade nisto, é moi difícil crela en calquera plantexamento que faga. *(Aplausos.)*

Mire, ¿sabe quen me parece moito máis crible? O alcalde de Pontevedra, que a semana pasada, na visita a Montecelo, dicía —está gravado—: «a sanidade pública de Galicia é das mellores do mundo». Isto hai que repetilo. *(Aplausos.)* Aí teñen un alcalde coherente, señora Pontón, ¡un alcalde coherente!

Por suposto que na sanidade hai problemas, nunca os negamos, por suposto que hai que traballar continuamente —o equipo anterior de sanidade e o actual— para intentar arranxalos. Por suposto que son problemas compartidos con outras moitas comunidades autónomas, por suposto que nós non temos todas as solucións e que na planificación, na innovación e nas medidas, en todo aquilo que poida servir para mellorar a situación, imos estar. Vostedes xa sabemos no que están, que é no de sempre. Din a todo que non, a vostede todo lle parece unha ocorrencia. A vostede, como nunca gobernou, todo lle parece unha ocorrencia, porque non sabe o que é real nin o que non é real. Son vinte e cinco anos criticando as medidas dos gobernos para intentar encontrar solucións.

Polo tanto, señora Pontón, non me sorprende nada esta pregunta. Teño curiosidade, ¡eh! Seguro que agora ignora o do timo electoral, ou me di que terxiverso, ou se enfada comigo, como sempre, ou se fai a vítima. Non o sei, teño curiosidade por saber o que vai facer.

Falaremos de medidas tamén na réplica, pero xa lle digo que, para falar de temas especialmente serios, o principal é a credibilidade, e vostedes este luns perdérona practicamente toda, e así lles vai elección tras elección.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, ¡que falta de respecto aos galegos e galegas que están sen médico e sen pediatras! Xa vemos cal é o seu escapismo para non falar da sanidade.



En todo caso, señor Rueda, ¿sabe como vexo o Partido Popular? Moi preocupado polo BNG. E se lles molesta que teñamos o mellor resultado en vinte anos, dígolles que só é o principio, porque aquí hai un BNG que vai seguir avanzando. ¡Iso é o que lle preocupa ao Partido Popular!

¿Sabe cal é o problema? Que o seu é un clásico, e eu o que lle recomendo, señor Rueda, é que vaia falarlle de Bildu, de Esquerra ou das eleccións europeas á xente deste país que ten problemas coa sanidade. Por exemplo, pode ir vostede falarlles de Bildu, de Esquerra ou do independentismo aos veciños e veciñas de Viveiro, que en pleno mes de xullo xa non teñen cita médica. Pode. E recoméndolle tamén que visite O Courel e que lles fala de Bildu e de Esquerra aos veciños e veciñas que están sen médico, que están reclamándolle que lles dea solucións.

Ou tamén lle recomendo, señor Rueda, que vaia falarlles de Esquerra, de Bildu ou do independentismo aos veciños e veciñas e aos pais e nais que ven como os seus fillos e fillas non teñen pediatra en Forcarei, en Cercedo-Cotobade, que non o teñen en Xinzo ou que teñen uns recortes tamén no Carballiño. Vaia alí, señor Rueda, e explíquelles.

É unha auténtica irresponsabilidade que teñamos un goberno que non é capaz de anticiparse a ningún problema, porque, mire, unha pandemia é unha situación que non se pode prever, pero é que o verán leva pasando durante miles de anos e vostedes non son capaces de tomar nin unha soa decisión para poñer solucións aos problemas. (*Aplausos.*) E hai que poñer solucións e non parches e ocorrencias.

E sobre todo, señor Rueda, pónase a traballar para mellorar a sanidade pública, porque, mire, eu rétoo: dígame un só dato que lle dei nesta intervención ou en calquera que sexa falso. Rebátao con datos.

¿Sabe que pasa? Que a realidade é moi clara e que os problemas da sanidade son moi evidentes, pero vostede prefire vir aquí facer escapismo, non responder na sesión de control sobre que medidas vai tomar para anticiparse aos problemas que vai ter este verán, e sobre todo que medidas vai tomar para reforzar unha atención primaria que, cos seus recortes, deixaron no chasis.

E eu, como non quere falar de primaria, voulle facer xa tamén unha proposta para o futuro; unha proposta que lle quero tamén facer ao presidente desta Cámara. Estaría ben, señor presidente, que á parte da sesión de control ao presidente da Xunta, fagamos unha nova modalidade, que é a sesión de control á xefa da oposición, porque eu creo que o señor Rueda está, desde logo, demostrando que non quere vir a esta Cámara a responder.

Se quere facerme preguntas, señor Rueda, dígallo ao presidente do Parlamento e facemos unha sesión. Estarei encantada de responderlle, (*Aplausos.*) pero vostede, como presidente, ten que vir aquí dar contas ante a cidadanía. É a súa principal obriga.

E paréceme moi ben, señor Rueda, que ría e lle faga graza....,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora PONTÓN MONDELO: ...pero é que o que está pasando coa sanidade galega non é un chiste, porque para miles de galegos e galegas a súa saúde está empeorando, xa que vostedes non lles garanten un servizo. E de verdade que merecemos un presidente que tome en serio os problemas da sanidade e que non veña a esta sesión de control facer chascarrillos, porque, se quere dedicarse ao *Club da comedia*, seguro que na TVG o contratan. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Si, señora Pontón, ao mellor no mesmo programa, no cal vostede quería ir inmediatamente despois de que estivese eu; ¿non se acorda? *(Risos.) (Murmurios.)*

Mire, señora Pontón, eu non me río da sanidade; tómoo moi en serio. Faime graza cousas que vostede di, pero é que é absolutamente inevitable e é mellor tomalo así.

Sinceramente, di que se hai que facer aquí... ¡Bueno!, vostede montou un Goberno na sombra e, polo tanto, non sei de que se sorprende de que esteamos falando de igual a igual. Ese Goberno na sombra do cal xa se esqueceu; anunciouno un día e, despois, nunca máis soubemos del. Non me estraña, porque están vostedes na oposición, señora Pontón —¡na oposición!—.

E mire, vostede que fala aquí de Vox continuamente, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* cando... —¡si, si, acabouse!— *(Murmurios.)* as alianzas contra a dereita... ¿Sabe a diferenza? Que nunca ninguén de Vox vai vir a Galicia falar en nome do Partido Popular, e o corenta por cento do tempo un independentista catalán vai vir aquí falar en nome do Bloque. *(Aplausos.)* ¡Esa é a diferenza!, señora Pontón —a diferenza—. *(Aplausos.)*

E mire, fixo o que me esperaba, é dicir, enfadarse moito con esta alusión directa, da cal fala toda Galicia, señora Pontón, *(Murmurios.)* e moitos no seu partido, ¿eh? —¡moitos no seu partido tamén!—, que probablemente non sabían deste enxaugue, deste amaño, deste arreglo que vostedes tiñan e que non contaron en campaña en absoluto. E iso é unha fraude coma unha casa, señora Pontón. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Por iso lle dicía que para falar en serio de temas serios hai que ter credibilidade.

Se vostede está conforme e dime que «non, é o mellor resultado do Bloque». Pois está moi ben, o 16 por cento. De onde virían vostedes, entón, en vinte anos, señora Pontón?; *(Risos.)* ¿de onde virían vostedes? Nós temos un 44 por cento, e a min gustaríame ter máis, pero fíxese na diferenza de obxectivos e de apoio entre o partido que máis se parece a Galicia e vostedes, señora Pontón. *(Aplausos.)* Esa é a diferenza, *(Aplausos.)* esa é a diferenza. *(Aplausos.)* Pero se vostede está feliz, estamos felices todos. Está feliz co resultado das autonómicas e con outros catro anos máis na oposición, e van 25; e está feliz con ter o 16 por cento do apoio, do cal di que é un magnífico resultado. Pois, mire, con ese resultado, xente que a apoiou non sabía o que vostedes prepararan. *(Murmurios.)*



¿Falamos de sanidade? Por suposto. (*Murmurios.*) —¡por suposto!, señora Pontón, (*Murmurios.*) dende a credibilidade; pero é que xa o falamos moitas veces (*Protestas.*) (*Murmurios.*) e con vostede é inútil falar (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Nós desprezamos os doentes, desprezamos... todos eses contos que vostede di. Cada vez que preguntan aos galegos a súa opinión, non o cren. Polo tanto, sinceramente, é a miña obriga, pero tamén considero, respecto de vostede, unha perda de tempo estar sempre repetindo cifras que son verdade —¡non, non faga así, señora Pontón!—, porque eu digo a verdade e vostede terxiversa e conta mentiras, (*Aplausos.*) porque nunca gobernou —¡nunca gobernou!—. (*Aplausos.*)

E mire, dixó que é ilegal facer cos MIR o que onte a Secretaría de Estado de Sanidade dixó expresamente, por escrito, que era legal. ¿Dáse conta vostede, señora Pontón, da falta de credibilidade e da inconsistencia que ten calquera cousa que diga? Entón, a que sabe o que é legal é vostede e non o Ministerio de Sanidade. Por certo, vaia papelón o do responsable de Sanidade do PSdeG emendado —como en tantas cousas— polo seu propio Ministerio.

Se vostede cre que é unha ocorrencia intentar arbitrar fórmulas —á parte das que xa coñecemos, das que aplican todas as comunidades autónomas— para intentar que médicos que estean desprazados da súa residencia en época estival, se queren traballar poidan facelo; ofrecer incentivos do que faga falta —iso funciona— aos que están nun lugar de vivenda para que tamén traballen; chegar a acordos con outras comunidades autónomas, incluso con Portugal en zonas limítrofes... Se considera que estimular todas as fórmulas para cubrir o que é un problema en toda España, que é a falta de médicos, son ocorrencias, está no seu lexítimo dereito. E Galicia enténdeo porque —xa digo— na súa vida gobernou e, a este paso, non vai gobernar nunca.

Pero como nós temos que facelo, pois vostede siga rindo, siga tomando todo a broma, que nós seguiremos traballando. Despois tocará preguntarlles aos galegos, e os galegos cada vez que lles preguntan opinan, e a nós séguennos dando un apoio cada vez maior e vostede queda retratada. Agora, se está feliz, sigamos así moitos anos.

Moitísimas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto 4 da orde do día, é dicir, interpelacións. Corresponde a de dona Noa Olalla Presas Bergantiños —¡non, Olalla!, é que pon este nome, non sei se é... (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Bueno!, eu non sei, se quere suprimímolo, pero aquí pon Noa Olalla, non sei se...—, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Interpelación de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do Goberno galego ante o sistema de financiamento autonómico

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Presas.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor... *(A señora Presas Bergantiños diríxese ao conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Rodríguez González.)* —cando acabe o señor Rodríguez de... Si, si, si, hai bastante que revisar de facenda e de ensino público; diso imos falar tamén, pode quedar, se quere—.

Señor Corgos, interpelámolo hoxe sobre un tema clave para Galiza, que é o sistema de financiamento, e facémolo ante unha novidade que este Parlamento non pode ignorar: un Informe claro e contundente que acaba de emitir o Consello de Contas sobre os seus resultados no período entre o ano 2009 e o ano 2021, que demostra que está obsoleto, que é inxusto e que urxe cambialo para protexer os nosos servizos públicos. Facémolo pola importancia do tema, pero tamén ante o veto do seu partido a que vostede comparecese hoxe neste pleno do Parlamento galego para dar conta deste e doutros informes. Imaxino que o sabe, pero o BNG pediu a súa comparecencia neste pleno ante o bloqueo que o Partido Popular leva facendo máis dun ano neste Parlamento a que funcione con normalidade a Comisión do Consello de Contas e a que se poidan debater esa máis dunha vintena de informes, que son absolutamente demoledores coa xestión económica e política do Goberno galego.

Xa lle advirto, como primeira forza política da oposición e como alternativa de Goberno, no BNG non imos permitir que practiquen este ocultismo, e, desde logo, exixiremos que rendan contas aquí, como xa fixemos no pasado pleno coa cuestión do Informe do Sergas.

Como sabe, señor Corgos, o Informe avalía os resultados en termos de equidade e eficiencia dos recursos do sistema de financiamento para atender o gasto de Galiza e, singularmente, para atender o gasto dos servizos públicos esenciais —algo tan importante para a vida dos galegos e das galegas—, como son a sanidade, o ensino ou como os servizos sociais. Basicamente, o Informe somete a exame como nos foi, como funciona a relación económica que temos co Estado, e o espóiler é que esa relación económica non funciona e non é boa para os galegos e as galegas.

O sistema de financiamento, ese mecanismo mediante o cal o Estado tan presuntamente descentralizado, que é o Estado español, remite a Galiza unha serie de recursos para que poidamos cumprir coas nosas competencias; recursos que —eu quero recordar, unha vez máis, nesta Cámara— non saen da nada, senón que saen fundamentalmente da contribución en materia impositiva que os galegos e as galegas tamén facemos ás arcas do Estado. Creo que nunca está demais recordar que ninguén nos regala nada e que Galiza non é un país subsidiario de ninguén, senón que Galiza é un gran país que está coartado por un sistema económico centralista que o prexudica. *(Aplausos.)*

Pero o avance do nacionalismo galego aquí, en Galiza, e o avance tamén das forzas soberanistas no conxunto do Estado —como acabamos de ver este domingo, no cal a cuarta candidatura máis votada foi unha candidatura plural e plurinacional— van facer que este debate estea presente. É un avance, que é imparabile e que vai servir para deixar de tapar o que queren as forzas centralistas do Estado, que é un sistema que hai que cambiar e un *status quo* que non serve para o avance das maiorías sociais e que non serve tampouco para o avance dos pobos. Esa é a nosa credibilidade, señor Corgos, a credibilidade que tanto lle molesta ao señor Rueda: a de que os galegos e as galegas cada vez ven máis que somos a forza política



que defende os intereses de Galiza, (*Aplausos.*) e eleccións tras eleccións aumenta o seu apoio na papeleta do BNG.

Sobre o modelo vixente, hai que recordar varias cousas. A primeira, que foi asinado polo Partido Popular. A segunda, que leva máis de dez anos caducado, incumprindo a previsión legal de revisión e avaliación quinquenal; e tamén hai que recordar que foi incumplido, primeiro, polo Partido Popular no Estado e, despois, polo Partido Socialista. E a terceira, que nestes anos, lamentablemente, o Goberno da Xunta non soubo defender os intereses de Galiza e non exerceu de Goberno. Mentres gobernaba o Partido Popular no Estado, facía unha crítica sutil e suave ás insuficiencias do sistema. Cando lles fixeron unha moción por corrupción no ámbito do Estado, ante a entrada do Partido Socialista, elevou un pouco o ton pero sempre atado a ese corsé que supón para vostedes Xénova e, desde logo, para Galiza máis que para ninguén, porque, mentres outros líderes autonómicos —non ría, señor Corgos, porque é así— elevaron a voz e pediron unha comisión bilateral, vostedes —e vostede, en particular— quedaron nas críticas. O resultado é que non se quixo impulsar tampouco desde Galiza un acordo de país en materia de financiamento, e para mostra un botón. Hai que recordar aquí que na pasada lexislatura o BNG impulsou, ademais, unha Comisión de estudo sobre o financiamento autonómico e, despois, ¿que pasou? «*Lo que pasó después te sorprenderá*»; pasou como tantas outras comisións do Parlamento galego, como, por exemplo, con aquela funesta das caixas, é dicir, quedou sen conclusións polos brazos caídos do Partido Popular. E iso é un problema.

Este informe déixanos, ademais, leccións moi importantes que avalían o sistema de financiamento e que, desde logo, avalan a lectura que fixo nestes anos o nacionalismo galego: primeiro, que Galiza perdeu con este sistema que non chega para financiar os servizos públicos esenciais que dependen de nós. Segundo, que o impacto da crise económica afectou a este sistema e a Galiza afectouna dobremente polos recursos que detraeu do sistema pero tamén pola política austera que aplicou o Partido Popular en Galiza. E, terceiro, o sistema é insuficiente —¡si!—, e iso é un problema, pero está agravado porque o Partido Popular en Galiza non exerce unha das patas do sistema, que é a fiscalidade; non a exerce para aumentar os recursos, senón que fai que se perdan.

Quero determe agora en que Galiza perdeu e non perdeu pouco. Teño tres datos: primeiro, respecto do modelo anterior, o peso relativo dos recursos de Galiza descendeu do 7,1 por cento ao 6,6 por cento; segundo, o peso medio tamén; terceiro, o balance para o período 2009–2021 —collendo a cifra máis optimista que dá o Consello de Contas, que inclúe financiamentos adicionais fóra do sistema, como aqueles fondos covid— é absolutamente demolidor, é dicir, hai un déficit de financiamento acumulado dos servizos públicos básicos de 1.075 millóns de euros ao ano. É dicir, para o conxunto de anos que estuda o Consello de Contas, falamos de 13.975 millóns de euros de déficit de financiamento. Iso, para velo en claro, supón medio millón de euros máis que o orzamento da Xunta de Galiza para todo o ano 2024. É un absoluto escándalo e demostra que, co centralismo, Galiza perde e demostra tamén que, coa submisión do Goberno do Partido Popular, Galiza perde. Non fai falta ser nacionalista para velo; só fai falta ler o Informe do Consello de Contas. Un informe que tamén demostra que o sistema se afectou profundamente na crise financeira e que non está preparado para este tipo de tensións; e afectou máis —insisto— en Galiza. ¿Por que digo



isto? Levamos moito tempo debatendo neste Parlamento sobre a xestión da débeda do Partido Popular, que vostedes triplicaron e é un dato obxectivo.

Nós insistimos sempre nunha cuestión: o problema non é, conxunturalmente, nunha época de crise, recorrer á débeda; o problema é facelo e que iso non sirva para blindar os servizos públicos. ¿É que nos di o Informe?: «A insuficiencia de ingresos xestionouse recorrendo a niveis de gasto inferiores, por baixo das medias das comunidades autónomas». Traducido: isto explica por que hoxe presumen dun déficit público inferior á media, é dicir, porque cando houbo que recortar, Galiza recortou por riba das medias doutras comunidades autónomas. Por iso hoxe somos a penúltima comunidade no Estado en investimento en Atención Primaria, por exemplo, ou por iso — como xa revelou o Consello de Contas nun informe anterior — fomos a cuarta autonomía que máis funcionariado e máis persoal público recortou entre 2009 e 2019. O Informe, ademais, tamén di que, cando o sistema non chegou, Galiza recortou máis que a media, é dicir, que foron vostedes os campións da xestión neoliberal da crise.

E, en último lugar, hai unha pata do sistema en que o Informe se centra, que é a autonomía fiscal, é dicir, a capacidade que ten a Xunta dentro do exercicio da súa autonomía de decidir, coa súa política fiscal, canto incrementar os seus recursos. Aborda, polo tanto, a capacidade tributaria de Galiza. ¿E que nos di? Pois que ten unha capacidade fiscal seis puntos por debaixo da media pese a ter unhas necesidades de gasto sete puntos por riba da media, porque, evidentemente para o sentido común, pero non para o Estado, custa máis prestar os servizos con dispersión e avellentamento. E o Consello de Contas sinala, ademais, algo que tamén o BNG leva moito tempo advertindo, que é que hai un cambio de tendencia, un recrudescemento no Partido Popular e nas súas políticas fiscais a partir da pandemia, e que, polo tanto, aquí hai un cambio. Galiza non emprega a súa autonomía fiscal para aumentar os recursos, senón que os minora.

O Consello estima, ademais, con números — eses números que tanto lle gusta citar ao señor Rueda, pero que, despois, non pon un só enriba da mesa — estima as diferenzas entre a capacidade tributaria teórica de Galiza e a real. E dá unha cifra: menos 2.382 millóns de euros. Menos 2.000 millóns de euros entre o 2009 e o 2021, que é practicamente a mesma cifra do que vostedes recortaron no programa de atención primaria entre 2009 e o ano presente. Efectivamente, non torza a cabeza, señor Corgos, sabe que é así. Máis de dous mil millóns de euros recortaron en atención primaria e máis de dous mil millóns de euros podían ter recadado con outra política fiscal. As contas van cadrando. (*Aplausos.*) Supoño que non nos dirá que as estamos inventando, como o señor Rueda. E todo, por certo, sen analizar tampouco o impacto dos beneficios fiscais, como denuncia o Consello de Contas.

En conclusión, este informe sácalle as cores a un sistema que é inxusto e que hai que reformar. Pero sácalle as cores tamén a un Goberno galego que nin espremeu o marco autonómico nin tampouco soubo xestionar un sistema mellor no ámbito do Estado. E con vostedes estamos perdendo máis de mil millóns de euros ao ano.

Polo tanto, señor Corgos, hoxe interpelámolo, á luz deste novo informe, para saber que van facer respecto ao sistema de financiamento. ¿Van priorizar Galiza por fin e impulsar un



acordo de país coas mans libres para defender Galiza ou van seguir na mesma inercia destes anos?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta ten a palabra o señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señora presidenta.

Señoría, preguntame vostede polo posicionamento do Goberno galego para a reforma do sistema de financiamento autonómico, entre outras moitas cousas, e cun minimitin por medio. Eu voume cinguir ao teor da súa pregunta, se lle parece ben e, en particular, á referencia ao informe do Consello de Contas que, por certo, está plenamente aliñado coas teses do Goberno galego e con toda a súa apreciación sobre como funcionou o sistema de financiamento. O que non atopei nese informe por ningures é que fale do modelo de convenio de cupo como o mellor para a nosa comunidade autónoma, como defenden vostedes.

Como ben saben, porque xa o temos debatido noutras ocasións, a nosa posición segue a ser a mesma, non mudou. Xa tomamos a iniciativa de reclamar ao Goberno central a necesidade de revisar o modelo, algo que lle temos reiterado. En primeira instancia apoiamos e traballamos na avaliación do modelo e logo, unha vez avaliado o seu funcionamento, foi cando insistimos con máis forza na necesidade da súa modificación.

O primeiro que quero salientar é a importancia do sistema de financiamento autonómico para Galicia, pois achega nun ano ordinario o oitenta por cento dos recursos á facenda pública galega. E, como dixo vostede, leva en vigor dende o ano 2009 e, como seguro que tamén lembrarán, Galicia non estivo de acordo con este modelo. Vímonos forzados a aceptalo por responsabilidade e ata aquí chegamos. Señoría, o que está claro é que na actualidade existe consenso na necesidade de revisar o actual modelo, que deu mostras de falta de suficiencia e excesiva rixidez. Como vostede dixo e o informe tamén pon de manifesto, a pandemia demostrou que o actual sistema non está preparado para certas situacións críticas de caída de ingresos, pero tamén existe coincidencia en que non achega suficientes recursos para financiar as políticas de gasto competencia das comunidades autónomas.

Como xa teño dito noutras ocasións, no caso de Galicia só as tres consellerías que concentran o gasto social máis tradicionais —sanidade, educación e política social— teñen uns orzamentos superiores ao que achega o modelo de financiamento en vigor. E seguro que non é algo propio da nosa comunidade autónoma, senón que é algo coincidente para todas as comunidades autónomas. Porque non existen comunidades autónomas infrafinanciadas; todas o estamos co actual modelo.



Ante esta situación, como dixeran, o Goberno galego está sendo activo dende hai moitos anos na reclamación dun novo sistema de financiamento autonómico, pero dentro do marco fixado para a súa revisión e modificación. Por cuestións de tempo non podo redactar todo o feito, pero tan só lembrarlle que Galicia participou no grupo de avaliación do modelo, que designou un experto para a súa revisión e que formou parte do grupo de expertos e do Libro Branco. Con posterioridade á pandemia organizamos unha reunión que foi quen de poñer de acordo oito comunidades autónomas para reclamar a necesidade de modificar o modelo na Declaración de Santiago de Compostela. Ou, por ir ao máis recente, eu mesmo analicei en menos dun mes en Valencia, con outros conselleiros de comunidades autónomas, os posibles cambios e as necesidades que require Galicia para a modificación do sistema de financiamento.

Temos demandado de xeito reiterado ao Goberno central esta modificación, que impulse esta reforma que leva aprazando no tempo de xeito indefinido; sobre todo, fuxindo de convocar o Consello de Política Fiscal e Financeira, que é onde temos que debater entre todos a mellora deste modelo. Porque, como seguro que ben sabe, o sistema de financiamento autonómico ten que partir dunha proposta do Ministerio de Facenda. O Ministerio é quen ten a obriga de por enriba da mesa unha proposta completa de renovación do sistema de financiamento e unha dispoñibilidade financeira adicional para financiarlo. É o Goberno central o que non está a cumprir co seu deber.

Dende o Goberno galego agardo que, co apoio de todos os grupos parlamentarios, defendamos en todo momento os intereses de Galicia co obxectivo de dar cobertura ás nosas necesidades de gasto.

Sobre o modelo que necesita Galicia existe outro consenso, señoría, que é que o novo modelo debe vertebrar sobre un modelo de necesidades de gasto e non sobre un modelo de capacidade de ingreso, que é o modelo polo que aposta o seu grupo, o modelo de convenio e de cupo. Este modelo sería prexudicial e podería ter un impacto negativo para as arcas da facenda autonómica, segundo indican todos os expertos en materia de financiamento autonómico. As propostas do seu grupo sairíannos, por tanto, ben caras aos galegos e galegas. Pero afortunadamente non se aplican, neste caso, na nosa comunidade autónoma. Nin se aplicarán.

Por parte do Goberno galego seremos leais e aplicaremos o sentido común, sabendo que en toda negociación hai que ter claro que todas as partes teñen que ceder. Pero tamén seremos firmes na defensa das necesidades de Galicia, que non quere ser máis que ninguén, pero tampouco menos.

Exporeille agora os aspectos que Galicia aspira a mellorar, que seguro que xa coñece, porque xa tiveron ocasión de sinalalos ante este Parlamento, e que van na liña dos expostos polos expertos na comisión parlamentaria que abordou esta comisión. Por tanto, como dicía antes, o noso criterio non mudou neste aspecto.

En primeiro lugar, suficiencia global. O sistema debe proporcionar recursos abondo para o desempeño das competencias das comunidades autónomas. Os recursos globais deben estar



correlacionados co peso do gasto público das competencias das comunidades autónomas que xestionamos, en especial a sanidade, a educación e os servizos sociais. Ademais, fan falla mecanismos que contribúan á mellora da suficiencia dinámica do modelo, porque non todas as políticas de gasto, como ben sabe, evolucionan igual en termos de custos.

Variáveis de reparto. A pesar de solicitálo en reiteradas ocasións non se cuantificou un custo estándar do que implica prestar servizos públicos nas diferentes comunidades autónomas. É vital calibrar ben a variable de poboación axustada para reflectir o custo dos servizos de Galicia. No gasto sanitario pedimos que se pondere mellor. Non son tan importantes os tramos de idade como propón o Ministerio; o importante é que se ponderen ben para reflectir o custo de diferencial das diferentes etapas da vida respecto aos servizos sanitarios. No gasto en educación cremos positivo que se teñan en conta a Universidade e a Formación Profesional. No gasto social pedimos que se divida en dous grupos máis e que se pondere especialmente o gasto das persoas de máis de 85 anos, demandantes intensivas en servizos de dependencia. E tamén pedimos que se teñan en conta as prestacións dos servizos de inclusión e de políticas de familia que prestan as comunidades autónomas, que ata agora non se recollen na variable de poboación axustada.

En canto ás variables xeográficas, a auténtica batalla de Galicia é a dispersión, pois é o que caracteriza a nosa comunidade autónoma e a singulariza do resto de España. Ningunha comunidade autónoma ten a nosa realidade socioeconómica. Este é un factor exclusivo de Galicia que nos diferencia do resto das comunidades e que, sen embargo, nos achega a Europa, porque a nosa diseminación da poboación do territorio é moito máis semellante á do resto de Europa que á do resto das comunidades autónomas. Sobre isto deberíamos acadar un acordo político neste Parlamento, pois na proposta do Goberno central a dispersión está mal ponderada xa de partida; pesa un 0,6 por cento, por exemplo, fronte a 0 1,8 por cento que pesa a superficie.

Que Galicia teña a metade de todos os núcleos de poboación de España fai que a prestación dos servizos públicos sexa moito máis cara. Podemos ver varios exemplos: Galicia ten 398 centros de saúde —xa que tanto lle gusta falar de Primaria—, cunha ratio de 147 centros por cada millón de habitantes. De ter a mesma ratio que o resto das comunidades autónomas, teríamos 240 centros de saúde menos. Galicia concentra o 22,3 por cento do gasto en transporte escolar de todas as comunidades autónomas, non acadando o seis por cento da poboación. Galicia supera nun 18,7 por cento a media das comunidades autónomas en gasto por alumno en educación non universitaria e centros financiados con fondos públicos e Galicia duplica o número de centros públicos de Educación Infantil e Primaria en municipios de menos de 2.000 habitantes.

Respecto á evolución do peso da poboación de maiores de 65 anos sobre o total, a previsión é que suba ata o trinta por cento no ano 2035. Obviamente é unha variable interesante no momento actual para Galicia, á que chegarán o resto das comunidades autónomas, pero dentro de máis de dez anos. Tamén apostamos por unha nivelación total; é dicir, o mesmo financiamento por habitante, axustado unha vez que este sexa ben ponderado. Porque é a garantía de financiamento igual en condicións homoxéneas para todas as comunidades autónomas.



Apostamos pola autonomía fiscal e pola simplificación, transparencia e estabilidade. O actual sistema é opaco e non predicible e non fai doada a súa proxección. Polo tanto, propoñemos eliminar fondos e simplificar o sistema, transparentar o acordo e os resultados do modelo e apostar por unha participación de Galicia na gobernanza da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

E, por suposto, en ningún caso aceptaremos que Galicia, a nosa comunidade autónoma, comunidade de referencia no cumprimento das regras fiscais, se poida ver penalizada por ter un mellor desempeño que o resto dos territorios. Para iso xa están vostedes, que aceptan que primeiro Cataluña negocie de xeito bilateral unha quita da débeda e logo fan seguidismo do independentismo catalán poñendo unha solución análoga para Galicia, que non é o noso modelo. Esta bilateralidade non é boa para Galicia, señoría. Porque cando vostedes defenden a postura que lles interesa aos independentistas cataláns, o que están a facer é apoiar o contrario do que precisa a nosa comunidade autónoma. Por iso o Goberno galego aposta polo contrario, por definir nós a solución que sexa máis vantaxosa para Galicia. E logo xa se que- ren, que outros copien situacións análogas para os seus territorios. Tomar a iniciativa para defender iso é tomar a iniciativa para defender os intereses de Galicia.

Mantivemos a nosa autonomía financeira mesmo nos peores momentos de crise financeira e seguiremola defendendo sen necesidade de copiarlle a ninguén, sobre todo a comunidades que, se por algo destacaron, foi por un errático desempeño fiscal e por pór en risco a sosti- bilidade das finanzas públicas.

O seu modelo é o modelo, como dicía antes, dos independentistas cataláns, da Cataluña in- solidaria e prexudicial para os galegos. O modelo do Goberno galego é o da corresponsabi- lidade, o da autonomía fiscal, o da igualdade e o da solidariedade.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas

Rolda de réplica da señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señora presidenta.

Señor Corgos, se lle gustou o minimitin, cando queira —seguro que en breve temos outra campaña electoral— convidámolo a un mitin enteiro do BNG, a ver se o convencemos así. *(Aplausos.)*

Eu creo que hai unha cuestión na que temos que poñernos de acordo. É unha cuestión que, ademais, evidencia o informe do Consello de Contas cando di que o sistema non é claro, que o sistema non é obxectivo, que o sistema non incorpora medidores de seguimento... e é que se trata dunha negociación política. Podemos vestilo como se queira, pero o sistema de fi-



nanciamento non é outra cousa que un acordo político. Non é algo obxectivable ao cen por cento; é unha cuestión negociable desde o ámbito político. Non hai unha proba química que determine un modelo ou outro. Polo tanto, esa é unha cuestión fundamental.

E dentro dos diferentes modelos políticos pois, efectivamente, vostede sabe que nós somos honestos. Imos por diante con cal é o noso modelo de máximos. O noso modelo de máximos é que Galiza teña un recoñecemento como nación tamén no ámbito económico e financeiro e que haxa unha relación de concerto. O problema é que no día de hoxe non sabemos cal foi a proposta política do Goberno galego nestes quince anos de servilismo, primeiro aos gobernos do Partido Popular e despois ás súas sedes de Génova.

En todo caso, señor Corgos, o informe non avalía o sistema de cupo, porque no día de hoxe non existe. O que avalía é cal foi o resultado da nosa relación económica co Goberno do Estado entre o ano 2009 e o 2021. E o resumo é que foi unha mala relación, porque esa relación non nos permitiu exercer o noso autogoberno. Porque ese súper Estado, que é tan súper descentralizado e que en teoría nos ten que dar esa parte dos nosos recursos que el recada para financiar os nosos servizos públicos básicos, non funciona, porque están infrafinanciados. Porque non nos chega para asumir ese custo da prestación de servizos públicos con eses recursos económicos. Iso é un hándicap para Galiza. Primeiro, porque non os temos ben atendidos; e, segundo, porque evidentemente se non nos chega para iso, menos nos vai chegar para outras políticas públicas que tamén son necesarias.

Polo tanto, iso é o que avaliaba o informe do Consello de Contas, por certo despois de que ano tras ano o BNG pedise nesa Comisión de Relación co Consello de Contas que había que avaliar con obxectividade do Consello de Contas ese sistema. Polo tanto, tardaron bastante vostedes en ceder en que iso era necesario. Tarden menos agora en ceder na importancia de ter unha posición de país neste ámbito.

En todo caso, se quere un día, de forma específica, comparamos como lles foi ás comunidades que teñen cupo. Comparamos como lle foi a Navarra e Euskadi en indicadores obxectivos como a poboación, como o investimento de capital estranxeiro, como a industrialización... e vemos como lles foi a eles.

En todo caso, señor Corgos, nós temos un horizonte, pero temos unha responsabilidade con este país que sempre practicamos. En todos os momentos históricos que houbo que reformar o sistema de financiamento o BNG fixo achegas para, aínda coa escasa marxe dun Estatuto de autonomía que nos parece insuficiente e dunha relación co Estado que nos parece insuficiente, espremer para avanzar. Estamos dispostos a volver facelo e demostrámolo. Por iso se constituíu neste Parlamento unha comisión para escoitar a todo o mundo e para, ademais, facer propostas concretas. Convídoos a vostede e ao seu grupo parlamentario a que nesta lexislatura reactivemos esa comisión para facer propostas específicas de actuación e que sexan unha proposta de país. Pero comprométanse vostedes a facer o que non están facendo coa cuestión da débeda e a defender os intereses de Galiza e non do Partido Popular.

Porque claro, vostede vén aquí e pídelle ao Bloque Nacionalista Galego un acordo de país. Moi ben, eu fírmollo, pero é que despois á hora da realidade o BNG consegue acordos para



este país —como que se hai unha quita da débeda para outras comunidades se aplique unha compensación para Galiza— e ao Goberno do Partido Popular parécelle mal que fagamos o seu traballo. Entón, aclárense: ¿van defender os intereses de Galiza ou non? Tamén nesta cuestión, señor Corgos. Porque os problemas van a peor, porque cada ano que este sistema non se revisa perdemos máis de mil millóns de euros de financiamento, que non é pouco. Pero é que non é pouco tamén tendo en conta algo do que advirte o Consello de Contas, que é a volta a ese marco inxusto de déficit —que, por certo, vostedes abrazan— polo cal o Estado vai ter máis manobra para endebedarse e máis recursos para si, cando somos nós quen temos que prestar servizos como a sanidade, o ensino ou os servizos sociais. Polo tanto, a urxencia, señor Corgos, vai a máis. E o BNG vai seguir facendo o que sempre fixo: actuar con responsabilidade e actuar defendendo os intereses de Galiza.

Insistiremos nesta cuestión, porque por moito que desexemos, efectivamente, un horizonte con máis autogoberno e máis autonomía, no inmediato —aínda con este escaso marco— podemos chegar a acordos. Podemos chegar a acordos sobre que criterios defender en nome de Galiza e podemos chegar a acordos, por exemplo, no ámbito da política fiscal, que deberían vostedes reformar; primeiro, para ter máis recursos para Galiza e, segundo, para demandar do Estado —se tanto defenden o autogoberno— máis capacidade de xestión dos tributos. Aí hai marxe.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nós temos as mans libres para defender este país, neste Parlamento e tamén no Congreso das e dos Deputados, e defender un sistema xusto para Galiza. ¿Que van facer vostedes? ¿Van seguir navegando nas súas contradicións entre a oposición que lle fan a Sánchez e ao Estado e a submisión que lle teñen que render ao señor Feijóo?

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Réplica do señor Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señora presidenta.

Eu penso que o modelo e a proposta do Goberno de Galicia está ben clara, como xa dixeran, e xa comparecín varias veces en varias ocasións nesta casa para explicalo. Comparecín tamén na Comisión de Financiamento e participamos na avaliación do sistema de financiamento. Fixemos as propostas no Ministerio, que están públicas e están colgadas na páxina web do Ministerio. Por tanto, non só está clara; é cristalina a posición e da Comunidade Autónoma de Galicia en referencia ao modelo que queremos e á necesidade e a urxencia imperiosa de que se reforme este modelo. Pero, como acabo de dicir, a quen lles corresponde pór riba da mesa os cartos e os criterios de reforma do modelo é ao Ministerio de Facenda. E non será porque nós non o pedimos, porque eu pedimos no último Consello de Política Fiscal e Finan-



ceira, pedinos por carta á ministra e ao presidente e pedín unha conferencia de presidentes para falar do sistema de financiamento. Entón, non sei que máis quere que lle fagamos, señora Presas. *(Aplausos.)*

O da comparación coas comunidades autónomas que teñen convenio do concerto e quitas de débeda dá para outra comparecencia e non vou centrarme niso. Pero, un dato: se imos ao resultado, a comunidade autónoma que máis converxeu na renda per cápita de España non foi nin o País Vasco nin Navarra; foi Galicia. Entón, igual non ten tanto que ver co modelo de financiamento, que é un modelo de financiamento que eu non quero para Galicia porque non é solidario, por certo. *(Aplausos.)* Logo din iso de que os solidarios son vostedes e os insolidarios somos os señores do PP.

A revisión do modelo debe abordarse entre todos nunha negociación multilateral co máximo consenso posible para que sexa avalado por unha ampla maioría. Débense evitar os erros da negociación actual do sistema, que non foi aprobado por consenso e que, como xa dixen, en Galicia tivemos que aceptar por responsabilidade, para poder aprazar as liquidacións negativas que aínda estamos a pagar.

De pactos bilaterais vostedes saben bastante. Xa teñen unha mala experiencia, pois tropezaron xa dúas veces coa mesma pedra investindo a Pedro Sánchez presidente a cambio de promesas que sempre quedan en nada, como se dixo onte á mañanciña.

Por tanto, reitérolle que o Goberno galego está en contra das negociacións bilaterais co Goberno central, que sempre benefician os mesmos e que sempre prexudican a Galicia. E, por tanto, pensamos que non é nada interesante facer seguidismo dos independentistas cataláns como fan vostedes. E reitérolle que Galicia non quere ser máis que ninguén, pero tampouco aceptará ser menos.

Por outra banda, señoría, non mesture todos os diferentes conceptos para confundir. Xa lle dixen que se quere facemos un monográfico sobre o que vostede chamou «quita de débeda» —que non é unha quita da débeda, senón traspasarlle a débeda duns a outros— ou sobre o modelo foral de convenio concerto. Nada teñen que ver tampouco as rebaixas selectivas de impostos que fai este Goberno coa insuficiencia de recursos que achega á comunidade autónoma o actual sistema de financiamento autonómico, porque estes recursos no sistema de financiamento autonómico calcúlanse sen o impacto das medidas fiscais que exercen as comunidades autónomas en exercicio da súa autonomía fiscal. En Galicia logramos consolidar un modelo fiscal competitivo para as rendas medias e baixas tendo como colectivos prioritarios —como ben sabe— os mozos, as familias numerosas, as persoas con discapacidade e outros colectivos sensibles. Tamén buscamos favorecer que se poida vivir no rural e do rural cun programa pioneiro en España para non pagar impostos por aproveitar a potencialidade do rural, ao tempo que loitamos contra o despoboamento.

É máis, señoría, no que debería estar do lado do Goberno galego é na nosa demanda de que o Goberno central actualice dunha vez todas as entregas a conta para este exercicio, e que están a supor un prexuízo para a nosa comunidade autónoma. Estamos no mes de xuño e practicamente a mediados de ano o Goberno central aínda non nos transferiu uns recursos



que son nosos, son dos galegos; son os impostos que pagaron os galegos e dos que tiñamos que ter disposto a principios de ano. Galicia non pode pagar que o Goberno central renunciase en marzo a ter orzamentos do Estado. A non-actualización das entregas a conta ten un prexuízo de dous millóns de euros ao día para Galicia, polo que se acumulan xa trescentos millóns de euros no que levamos de ano, co conseguinte gasto en xuros duns catro millóns de euros, porque non renunciamos a desenvolver o noso orzamento. Por non falar de que todos os empregados públicos levan agardando case medio ano tamén pola súa actualización de salarios e os empregados públicos tampouco teñen que pagar a decisión de Pedro Sánchez de renunciar a ter orzamentos este ano.

Polo tanto, señoría, o que debería facer vostede e o seu grupo, penso eu, é apoiar a Xunta, tanto para demandar esta actualización de entregas a conta como das retribucións aos empregados públicos galegos. E tamén deberíamos buscar unha posición de país no que atinxe á reforma do sistema de financiamento autonómico.

E remato xa, presidenta, co compromiso de que —ao igual que fixemos no pasado— o Goberno galego busque sempre levar unha posición de país para cando se revise o sistema de financiamento autonómico por fin. Polo que pido o apoio de todos os grupos parlamentarios desta Cámara para que a posición de Galicia sexa máis forte. Porque a responsabilidade fiscal da nosa comunidade autónoma destes anos converteuna nunha das voces autorizadas para reivindicar un novo modelo de financiamento.

Moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Corgos.

Continuamos coas interpelacións.

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política de protección ambiental e a ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación, e por tempo de dez minutos, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Quero aproveitar esta ocasión para expresar o orgullo que sentimos polo escano galego do BNG nas eleccións europeas. (*Aplausos.*) O orgullo e satisfacción polo segundo mellor resultado na historia destas eleccións. O orgullo e a satisfacción por que Ana Miranda sexa outra vez, a partir do 16 de xullo, a nosa representante en Europa. ¡Si, eurodeputada en Europa a partir do 16 de xullo, por moito que os amole! ¡Canto máis os amole, máis ben o estamos facendo e máis o celebramos! (*Aplausos.*)

E mire unha cousa, falan vostedes de «fixa descontinua». ¡Vale máis unha eurodeputada fixa descontinua do BNG que un medio pensionista do PP! (*Aplausos.*) (*Protestas.*) ¡Un medio



pensionista do PP que vai alí a Bruxelas de retiro dourado! Esa é a diferenza: as deputadas do BNG van traballar 24 ou 25 horas ao día. (*Murmurios.*) ¿Quedoulles claro?

Agora, señora Vázquez, imos á interpelación. Foi vostede conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda desde setembro do ano 2018. Agora perdeu as competencias de vivenda, e ordenación do territorio simplemente fulminárono no organigrama da Xunta. Ese é o respecto que lle teñen vostedes ao territorio galego: elimínalo do organigrama do Goberno da Xunta. ¡Nin unha dirección xeral lle deron! Esta é a realidade, señora Vázquez.

Leva vostede seis anos como conselleira de Medio Ambiente e foi incapaz de protexer un só metro cadrado con Rede Natura. Cero balance de protección de Rede Natura en seis anos de vostede como conselleira. Pero non nos estraña, porque levamos quince anos de balance cero na protección da Rede Natura e por iso estamos á cola do Estado nesta materia, coa protección do 12 por cento do territorio. Estes son datos reais e vostede será incapaz aquí de rebatelos: 12 por cento Galiza, 27 por cento de media estatal, 27 por cento Asturias, 27 por cento Cantabria, 26 por cento Castela e León, 40 por cento Madrid. Estes son os datos. Galicia, á cola; a última con Ceuta, señora conselleira. (*Aplausos.*) Este é o balance do Partido Popular na protección do territorio.

Pero nin iso, porque nin sequera son capaces —a pesar de que hai un procedemento de infracción da Unión Europea— de aprobar os plans da xestión de cada un dos espazos da Rede Natura. Hai unha obriga e vostedes incúmpren desde o ano 2015 que hai un mandato da Unión Europea para facelo.

E a realidade é que nin sequera os espazos que están protexidos están protexidos, porque vostedes permiten auténticos atentados, auténticas agresións, auténticos ecocidios en espazo da Rede Natura. (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía.*) ¿Sabe vostede o que é isto, señora Vázquez? ¿Saben vostedes o que é este monte? Este monte é un espazo de Rede Natura da serra do Oribio, destrozado polos *bulldozers* que permite o Partido Popular. (*Aplausos.*) Un espazo de Rede Natura protexido e destrozado así. Cunha declaración de impacto ambiental caducada que vostedes deron por boa. Ata este punto chegamos; nin sequera os que están protexidos están protexidos.

E agora tamén lle recordo que hai unha reclamación de 46 millóns de euros da empresa promotora deste parque, á que vostedes lle aprobaron o proxecto e que agora reclama 46 millóns de euros, señora conselleira. ¿Que vai pasar se o tribunal aproba esa reclamación? E, ademais, ¿quen se vai facer cargo da restauración deste espazo protexido da Rede Natura?

Mire, vostedes levan desde o ano 2011 boicoteando a ampliación da Rede Natura. Anunciaron daquela —e dixeron que era urxente porque había un mandato da Unión Europea— que ían protexer 150.000 hectáreas de Rede Natura, e estamos agardando. Trece anos despois, estamos agardando porque vostedes boicotearon a ampliación da Rede Natura, despois de traelo o conselleiro daquela ao Parlamento e de anunciar a protección de 150.000 hectáreas. Acabou —xa llelo dixen noutras ocasións— desterrado en Pequín, na embaixada de Pequín. (*Risos.*) Despois de publicar o anuncio da ampliación da Rede Natura no *DOG* o día 2 de xaneiro do 2012, ao día seguinte, foi destituído o señor Samuel Juárez (*Aplausos.*) e mandado



ao desterro; castigado, pero non nas mazmorras, senón na China. Así tratan vostedes os que queren ampliar a Rede Natura.

Pero non só iso, senón que despois vostedes aprobaron por iniciativa do Partido Popular unha proposta no 2017 de ampliación da Rede Natura, e quedou de novo gardada nun caixón. Volveron aprobar no ano 2021 outra iniciativa, daquela do PSOE, para completar a Rede Natura, pero seguimos agardando. Déronnos unha resposta no seu día, onde dicían que na pasada lexislatura se ía ampliar a Rede Natura. Téñoa aquí —resposta por escrito—, (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) e seguimos agardando. Incumpren sistematicamente incluso os seus propios compromisos. Así é como tratan vostedes o patrimonio natural e a biodiversidade deste país: destruíndoa, destrozándoa e desprotexéndoa.

E miren, agora estamos nunha nova fase. Vostedes acaban —hai uns anos— de aprobar o marco de acción prioritario da Rede Natura, onde propoñen tamén protección de turbeiras, protección de queirogais, protección de matogueiras e protección doutros hábitats, como as breixeiras húmidas —que falabamos onte dos cabalos de monte, e son fundamentais para manter eses equilibrios no monte, nese tipo de espazos—. Temos 190.000 hectáreas de breixeiras secas fóra da Rede Natura que habería que protexer.

E tamén temos especies ameazadas, señora conselleira, 201, das que só temos plans de protección de tres. É dicir, que 198 están na desprotección absoluta.

E vostedes, no marco da acción prioritaria, din que van protexer unha especie especialmente, o mexillón de río. ¿E por que o van protexer? Porque está ameazado, en risco de extinción. ¿E onde está ameazado especialmente? No río Ulla. Fixeron vostedes o plan Life+Margal-Ulla, e din que van protexer o río Ulla. ¿E como van protexer o mexillón do río Ulla? Pois con Altri, con vertidos contaminantes de Altri que lle queren meter nunha zona que hai que protexer e que vostedes dixeron que ían protexer. (*Aplausos.*) Fíxense: ampliación dos espazos protexidos Rede Natura 2000 serra do Careón e sobreirais do Arnego, para incluír as poboacións de mexillón de río inventariadas durante o proxecto Life+ Margal-Ulla. Este é o compromiso que vostedes puxeron por escrito no ano 2021.

¿Que van facer co río Ulla, señora conselleira?, ¿enchelo, por exemplo, con 525 toneladas de sólidos en suspensión dos vertidos de Altri para alimentar o mexillón de río?, ¿con 157,5 toneladas de nitróxeno?, ¿con 21.000 toneladas de sulfatos? Así é como coidan e protexen o mexillón de río e o río Ulla, contaminando cun proxecto dunha multinacional portuguesa que queren poñer na comarca do Ulloa, coa opinión en contra da maioría da sociedade, dos colectivos e das empresas desa contorna.

E miren, agora estamos xa noutra fase da protección ambiental e da biodiversidade. Acaba de ser, no ano 2022, a COP 15, que propón conservar e protexer o trinta por cento dos espazos, do territorio dos países, e tamén é un mandato para Galiza. Hai que facer as estratexias da biodiversidade, hai que facer tamén a Estratexia galega da infraestrutura verde, que está feita, que está publicada, que está sometida á información pública, pero que leva dous anos pendente de aprobación, señora conselleira. ¿Cando van aprobar a Estratexia da infraestrutura verde?



Fágolle aquí unha pregunta concreta, porque estamos contra reloxo. O prazo para aprobala remata en xullo do ano 2024; é dicir, dentro dun mes. ¿Por que non aproban a Estratexia de infraestrutura verde da conectividade, da restauración ecolóxica, que establece un mandato de protección de espazos e de recuperación de espazos degradados? Se queren, doulles despois a resposta, pero prefiro que ma dea primeiro vostede.

En definitiva, señora conselleira, está claro que hai razóns de peso para que vostedes veten e boicoteen a protección dos espazos naturais. Son razóns cosméticas, porque vostedes practican o ecopostureo —ten vostede unha consellería de cosmética verde—. En segundo lugar, por razóns ideolóxicas, porque vostedes militan consciente e orgullosamente no negociantismo ambiental. E, en terceiro lugar, sobre todo, por intereses económicos, porque vostedes están aí para protexer os intereses das grandes empresas pasteiras, mineiras —como vimos tamén onte—, e tamén das empresas eólicas.

O que lle pedimos, polo tanto, señora conselleira, é que cumbran a lei, que coiden o patrimonio natural, que protexan esa inmensa riqueza que ten o país, que é a súa biodiversidade. Deixen de actuar como consellería de cosmética verde, do ecopostureo, e póñanse ao servizo do país, non ás ordes das grandes empresas que o esquilmán.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Bará, a verdade é que son vostedes un tanto acomplezados. E digo un tanto acomplezados porque vir aquí hoxe dicir: é que nos sentimos moi orgullosos de que unha señora vaia estar anaquiños de tempo representando a Galicia en Bruxelas, e ademais alzando a voz... Eu teño que dicirlle que os eurodeputados do Partido Popular van estar cinco anos, vano facer a xornada completa e moito máis alá, e tamén lles direi que un pouco de respecto, porque vostedes teñen moito que aprender deles. (*Aplausos.*)

Por outro lado, e antes de meterme en temas, quérolle lembrar unha vez máis algo, señor Bará, e é que esta mesma interpelación a tivemos hai un ano. Eu supoño que vostede vai, colle o número de interpelacións e, bueno, copia e pega unha vez máis. E paréceme ben, jeh!, porque me dá a oportunidade, por un lado, de dicirlle cal é o compromiso de Galicia coa biodiversidade, coa sostibilidade, pero tamén me dá a oportunidade de lembrarlle que, se alguén autorizou un eólico en Rede Natura, ese foi o Bipartito e, polo tanto, o BNG, non o Partido Popular. (*Aplausos.*)

Seguimos falando de empresas, de territorio, e eu dígolle que, nun estado de dereito, as leis están para cumprirse. Se vostede cre que non se cumpren, xa sabe onde teñen que ir; pero deixen de embarrar, deixen de atemorizar nos distintos lugares.



Miren cal foi o resultado das eleccións, e, ao final, non utilicen a Altri como esa presa que colleron vostedes cos dentes e que non queren soltar, porque, primeiro, o que teñen que agardar son os informes dos técnicos. Lémbrolle que son un total de 33 informes sectoriais, e, polo tanto, se de repente vostedes son os que controlan de todo, deberían de controlar un pouco máis alí onde están cogobernando.

E dígolles un pouco máis porque están moi preocupados polo Ulla, igual que eu estou preocupada polo Ulla. Díganlle a un goberno, por exemplo ao de Melide, que como mínimo faga a xestión dos bombeos, que leva cinco anos sen facelo. E hai unha parroquia, Santa Maria, á cal eu me fun a un enterro hai escasamente un mes, e aquilo era vergonzoso. Presentaron, por suposto, a denuncia correspondente. ¿E sabe para onde van todos os residuos deses melidenses, porque non están facendo a xestión dende hai cinco anos deses pozos de bombeos? Directamente ao Ulla, señor Bará. Co cal, leccións, poucas ou ningunha. *(Aplausos.)*

A partir de aí, o que si teño que dicirlles é que a Xunta de Galicia, este goberno, ten un total e firme compromiso cos espazos protexidos, ten un total e firme compromiso con todo o territorio galego, e por suposto tamén coa Rede Natura. E hai que empezar a falar, primeiro, de orzamento, porque, sen orzamento, pouco se pode facer. Talvez o concepto de vostedes de Rede Natura sexa abandono, e ese abandono, ao final, non propicia a biodiversidade.

E falando de orzamento, teño que dicirlles que imos mobilizar nos próximos anos 70 millóns de euros nos parques naturais; eses parques naturais que son un total de 7, xunto co parque nacional. Son 50.000 hectáreas. E fomos quen de aprobar o Plan reitor de usos e xestións.

Por outro lado, imos facer investimentos de 26 millóns de euros —estámolos facendo agora mesmo, son fondos europeos— en trece grandes actuacións para a conservación da biodiversidade, por suposto para a restauración dos ecosistemas de Rede Natura, e un 90 por cento están comprometidos e o 55 por cento xa están certificados. E a vostedes, que ás veces din que conseguen cousas en Madrid, xunto cos señores do PSOE —e é certo porque, ao final, si lles tenden a man e despois non conseguen absolutamente nada—, teño que dicirlles que levamos dende novembro do ano 2022 sen que o Ministerio de Transición Ecolóxica faga unha soa conferencia sectorial. Iso si, acábannos de notificar estes días 23 puntos na orde do día, e a véspera mandáronos a documentación, e dentro desa documentación nomean a Rede Natura.

Dígoo porque eu estou aquí para ser interpelada, para dicir o que facemos, pero tamén quero ser totalmente transparente. E vostedes, se non o saben con ese cogoberno que ás veces tamén teñen en Madrid, sería bo que, se quixesen respectar o territorio, non estivesen dende o ano 2022 sen facer unha soa conferencia sectorial e sen saber absolutamente nada dos fondos europeos, que nós queremos investir na restauración destes espazos protexidos.

Pero non só iso, senón que este ano destinamos 6,2 millóns de euros a través de tres ordes, que teñen o obxectivo común de contribuír a preservar os espazos naturais galegos baixo tres figuras: unha é a Rede Natura, outra son os parques naturais e outra, as reservas da biosfera. Porque o que non podemos facer, señor Bará, é que naqueles lugares onde haxa Rede Natura sexan os propios cidadáns os que se fagan cargo desa restauración e rehabilitación. Polo tanto, o Goberno galego quere estar ao seu carón.



Efectivamente, temos preto de 375.000 hectáreas que están baixo a figura de Rede Natura. É o 12 por cento do territorio, e non ocultamos absolutamente nada. Está conformada por 16 zonas de especial protección para aves, que veñen a ser 100.000 hectáreas, e 59 zonas de especial conservación (ZEC), que ocupan o total das 375.000 hectáreas.

Aquí teño que dicir que estamos na media, e digo que estamos na media daquelas rexións atlánticas, que están entre un 10 e un 15 por cento.

Pero se falamos de países da Unión Europea e nomeamos, por exemplo, a Finlandia, Malta, Lituania, Francia, Irlanda, Bélxica, Suecia, Letonia ou Dinamarca, pois vemos que estes teñen unha porcentaxe de territorio similar ou inferior que o que ten Galicia de Rede Natura.

Polo tanto, non somos unha excepción, señor Bará, en Europa, si que somos unha excepción por outras figuras que temos sobre o territorio, porque non hai ningunha comunidade autónoma que teña o 47 por cento do territorio baixo algunha figura de protección, como é o caso de Galicia. *(Aplausos.)*

Pero é máis, se falásemos de superficie neta, eu téñolle que dicir que hai rexións, comunidades autónomas, que están por debaixo. É o caso de Canarias, Cantabria, Ceuta, Melilla, Navarra, Madrid, Islas Baleares, A Ríoxa, País Vasco, Asturias, ou pode ser tamén a rexión de Murcia.

Para estes señores do BNG resulta que a única figura de protección que existe é a Rede Natura, e non existe a Reserva da Biosfera, non existen os ENIL, non existen os EPIN...; é dicir, quedaron anquilosados dende hai moitos anos no que é a Rede Natura e estancados aí. Nós o que queremos, efectivamente, é protexer a Rede Natura a través dos plans; plans dos que, ademais, adquirimos o compromiso de que estarán integramente redactados antes do ano 2027.

Pero cada vez que facemos un plan, por exemplo, dun parque, ao final, a vostedes o que lles gusta é a algarada. Bueno, non hai máis que falar do das Fragas do Eume, onde hai un alcalde, o señor Valentín, que agora se dedica a pagar autobuses con fondos do Concello para que vaia a xente protestar; uns cantos veciños van protestar na toma de posesión do presidente ou en calquera lugar, a pesar de que a Intervención lles está dicindo que non poden pagar eses autobuses. Vostedes tamén aplauden porque, en realidade, non lles interesa que haxa plans reitores de usos e de xestión nos lugares protexidos; o que lles interesa é a algarada e o non por sistema. Ese negacionismo que din do Partido Popular é o negacionismo que teñen vostedes, non é o negacionismo que ten o Goberno. Vostedes si que son negacionistas cada vez que se intenta avanzar. *(Aplausos.)*

O 42 por cento de territorio está amparado en seis parques naturais e nun parque nacional, sete reservas da biosfera, seis humidais protexidos, oito monumentos naturais, dúas paisaxes protexidas, doce ENIL e dous EPIN, cincuenta ZEC, dezaseis ZEPA e dous xeoparques. Esta é a radiografía de Galicia. Vostedes queren trasladarlle ao mundo o discurso de que «estes do PP, este Goberno, quere arrasar absolutamente con todo». Pero a carón está a lexislación, e aí está a Lei de patrimonio natural de Galicia e aí está tamén o Plan director de



Rede Natura. Este é un plan cuxos obxectivos e medidas de conservación entendemos que son suficientes, pero no que temos que avanzar.

Ademais, lémbrolles que todos os instrumentos de xestión de espazos naturais protexidos inclúen medidas específicas de xestión e de conservación de especies de fauna e de flora e tamén silvestres. Trátase dun marco normativo no que, por certo, señor Bará, non me quero esquecer da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral. Vostede sabe que aí ía un millón de hectáreas para protexer, de máxima protección — ¡un millón de hectáreas, señor Bará! —, aínda que non sexa Rede Natura, e vostedes non se puxeron a carón deste goberno para sacalo adiante. ¿Por que? Por ese negacionismo continuado...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): ...que prolifera, sexa antes ou despois dunhas eleccións. Dígolle unha cousa: esa Lei de ordenación do litoral que vai protexer máis os espazos e que vai dar maior seguridade xurídica é unha lei que están copiando agora o Goberno canario, o Goberno de Baleares e o Goberno valenciano, porque, efectivamente, non só se trata de falar, senón tamén de actuar.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, as súas afirmacións non se sosteñen, porque acusar o BNG, o Bipartito, de poñer eólicos en Rede Natura, cando vostedes puxeron 1.300 megavatios en espazos da Rede Natura, ¡xa lles vale!, ¡xa lles vale!, ata o ano 2006. *(Aplausos.)* Ademais, foi o BNG, gobernando na Xunta de Galiza no ano 2007, quen prohibiu a eólica na Rede Natura, no Decreto de 2007. Téñoo aquí. *(O señor Bará Torres mostra un documento.)* Se non o ten e non llo pasaron, pásollo eu para que se informe ben para a próxima ocasión: «Quedan excluídos da implantación de parques eólicos aqueles espazos naturais declarados como zonas de especial protección dos valores naturais para formaren parte da Rede Natura 2000». Señora conselleira, 2007, decreto do Bipartito; a ver se toma nota.

Bueno, que fale vostede de Melide, cando foi alcaldesa de Melide e converteu o río Furelos nun auténtico vertedoiro, ¡xa lle vale, señora conselleira! *(Aplausos.)* Aí está o río Furelos, e bótalles vostede a culpa aos que viñeron despois. *(Aplausos.)* Ten vostede moitísima responsabilidade como alcaldesa e tamén como conselleira, porque, se non actuase con sectarismo, estaría colaborando para recuperar o río Furelos e para que non estivese nesa situación que acaba de dicir aquí. Porque para os concellos do PP si que hai diñeiro e para os outros hai castigo. Así é como actúan vostedes á hora das políticas ambientais.

A realidade é que vostedes paralizaron no ano 2012 —este é un feito incuestionable— a ampliación da Rede Natura. Vostede non deu ningunha explicación aquí, e voulla dar eu a partir dun titular de prensa de febreiro de 2012: «*La ampliación de la Rede Natura pondrá en riesgo,*



como mínimo, mil empregos de sesenta e unha explotaciónes». ¿Sabe quen publica este comunicado? Publícao a Cámara Oficial Mineira. Non hai máis preguntas, señoría. A razón verdadeira de que se paralizase a ampliación da Rede Natura é o feito de que ía contra os intereses de quen quería espoliar o territorio por intereses mineiros, por intereses pasteiros e por intereses enerxéticos. Por iso se están facendo todos eses proxectos en terreos de ampliación da Rede Natura e por iso se está facendo Altri onde está —que ía ser espazo protexido con Rede Natura—, señora conselleira, ¿ou non?

Vostede vén aquí con trampas ao solitario dicindo que o 47 por cento do territorio está protexido. É que fai vostede trampa, señora conselleira, porque non son figuras de protección ambiental. ¿Como hai que explicarllo? A Rede de reserva da biosfera non é unha figura de protección ambiental; non o é, señora conselleira, é outra cousa.

Despois, que se compare vostede con Ceuta e mais con Melilla... ¡Tamén!, podía buscar algún exemplo diferente. Ou podía compararse con Letonia, non sei. Eu teño exemplos máis cercanos, e deille aquí os datos, como Asturias, Atlántica, Cantábrica —está aquí ao lado—, que teñen o 27 por cento; Castela e León —aquí ao lado—, que ten o 27 por cento; ou Cantabria. ¿Que máis quere? Son as rexións noratlánticas, as comunidades noratlánticas. Pois, polo menos, equiparémonos a esas, pero nada.

Vostede despois fai aquí a trampa de dar datos en cifras absolutas. Ese non é o criterio que se utiliza; utilízase a cifra relativa, a porcentaxe do territorio que está protexido. Se non, claro, ¿como nos imos comparar con Asturias? Temos máis territorio protexido, loxicamente, que Asturias ou que Cantabria ou que A Rioxá porque son comunidades uniprovinciais e teñen moito menos territorio. Non nos veña aquí con estas trampas.

Con respecto a Altri, din vostedes que teñen que facer os informes técnicos, unha avaliación independente..., e toda esa retahíla de argumentos. Voulle ler outro titular de prensa que recolle o que di unha conselleira sobre Altri: «É un proxecto redondo desde o punto de vista medioambiental e da sustentabilidade», María Jesús Lorenzana. ¿A vostede parécelle que é normal que cando hai que avaliar un proxecto se poñan claramente de parte da empresa que quere espoliar os recursos e non fagan unha avaliación realmente ecuánime e neutral? (*Aplausos.*) ¿Ou que vostede, que é a responsable da Consellería que vai facer agora a avaliación ambiental, asine esta proposta onde di que Altri é unha marabilla e que hai que apoiala con todos os medios —e incluso con 250 millóns de euros, que é un auténtico escándalo—, mentres lles negan ese diñeiro a todas as explotacións e proxectos que hai no territorio? Vostede asina esta iniciativa do Partido Popular. ¿Parécelle isto normal?, ¿parécelle isto ser neutral e deixar que actúen os técnicos? Pois non o é, señora conselleira.

Remato xa dicíndolle unha cousa moi clara: imos traer aquí propostas, porque nós somos o grupo da proposición. Temos un proxecto alternativo; temos un goberno alternativo, con ideas, con proxectos e con propostas en positivo para coidar o país, para coidar o territorio, para ampliar a Rede Natura, para protexer as especies que están en risco de extinción, para desenvolver a infraestrutura verde, para restaurar os espazos degradados e para crear un fondo de conservación da natureza para investir; porque si que cremos que é un investimento que dá beneficios...



A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...e que multiplica por sete. Está demostrado: o que se inviste nos territorios protexidos multiplícase por sete e xera riqueza e emprego, e non como din vostedes, de que é unha especie de condena para os territorios.

Polo tanto —remato, señora presidenta—, póñanse do lado da xente, póñanse do lado do medio e póñanse do lado do país. Nós, desde logo, imos estar do lado da vida, ao servizo das galegas e dos galegos e sempre ao servizo do seu benestar e do seu futuro.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: Non deixaremos nin un minuto de traballar con esa idea.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Réplica, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Bará, estou orgullosísima de cando estiven de alcaldesa no Concello de Melide, sobre todo porque me apoiaron os meus veciños; é máis, séguenme apoiando, e moito, fronte a esas mentiras continuadas que vostedes, incluso atemorizando, están intentando trasladar ao territorio.

Por outro lado, direille que van catro anos consecutivos nos que a Xunta de Galicia puxo orzamento enriba da mesa para trasladar o saneamento á depuradora, e este Concello, gobernado neste momento por un tripartito, non puxo á disposición os terreos. Digo que é bo que lle conten a verdade para non facer o ridículo, máis que nada porque eu durmo alí e comprenderán que sei as cousas. A partir de aí... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Máis ou menos non, seinas todas. E, efectivamente, intentaron que tivese responsabilidade. Fixérono pola porta de atrás e saíulles mal no xulgado, fronte a outras alcaldesas do BNG que si que foron imputadas. Esa é a realidade dos feitos, non hai outra, señor Bará.

Continuamos e falamos de transparencia, e dentro do que é a transparencia e falando de eólicos, porque hai un grande interese, cómpre dicir que no 77 por cento do territorio non se poden poñer eólicos, e vostedes sábeno. Señor Bará, non bote as mans á cabeza, porque iso é público, non hai máis volta que darlle. (*Murmurios.*)

Continuamos nese eido e preguntolles: ¿que pasou con aquilo de que un señor deputado do BNG no Congreso votara a favor dun real decreto do Estado que prohibía, que non quería, a información pública nos eólicos? Recuaron porque nós o fixemos público, porque, se non, vostedes estarían encantados da vida. (*Murmurios.*) Esa é a realidade, non hai outra. (*Aplausos.*) Pero é máis, teñen vostedes agora a oportunidade de traer aquí unha iniciativa —de traer unha PNL, de traer o que vostedes queiran— porque saben que hai unhas emendas —que agora



chaman intrusas— aí, no Goberno central e que meteron nunha lei que é a de paridade, porque tampouco queren consulta pública en ningún dos actos que faga o Goberno central.

Falamos, en concreto, de algo que nos afecta, que era o regulamento da Lei de costas, que llelo tombou unha asociación de señores afectados en Baleares. O motivo polo cal llelo tomaron foi porque non houbo consulta pública. Estes señores do Goberno central aos que vostedes lles dan a man continuamente acaban de meter unha emenda intrusa para que non haxa consulta pública. Entón, póñanse ao noso lado porque nós si que queremos consulta pública, nós si que queremos transparencia (*Aplausos.*) e nós non falamos dos proxectos e non dicimos se van ser viables ata que haxa os informes correspondentes; e vostedes montan unha algarada terrible. Ben, estes son uns feitos que, por suposto, nós queremos facer públicos, e ademais aos galegos non se lles pode mentir tanto —e vostedes están habituados a mentir e a mentir—, non se lles pode enganar e moito menos se deben de terxiversar certos actos.

A partir de aí, direilles: vostedes, dentro desta iniciativa, dicían que había cartas de emprazamento da Comisión Europea en relación co incumprimento de Galicia da Rede Natura. Pois dígolles, en concreto, nos hábitats turbosos avaliados, non se indica ningunha referencia a Galicia; é dicir, fala de España, pero non de Galicia. Por outro lado, lémbrolles que o Reino de España xa trasladou á Comisión a suficiencia de representación de turbeiras no seu día; é dicir, é o propio Goberno central quen di que están suficientemente protexidas. Polo tanto, non hai mandato específico sobre a ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia.

Nós imos seguir traballando e, ademais, doulles cumprida información de como estamos agora mesmo. Neste sentido, estamos traballando no noso obxectivo, que é seguir completando o actual sistema de áreas protexidas para mellorar o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario. De feito, xa están concluídos os plans de xestión dos distintos parques, e agora xa realizamos o do humidal protexido de Valdoviño, o do monumento natural Souto da Retorta, o do monumento natural Praia das Catedrais, o monumento natural Fragas de Catasós e, proximamente, imos rematar o monumento natural Pena Corneira, que xa pasou polo Cogama e presentaremos en breve, así como o monumento natural Costa de Dexo. E estamos acometendo a redacción de diferentes plans estratéxicos, como é a paisaxe protexida Pasarela e Traba, que prevemos aprobar no mes de xullo.

E, por outro lado, estamos traballando na dotación dos plans de xestión específica dos espazos de Rede Natura, a través de distintas licitacións, con persoal especializado e específico para cada grupo de hábitat. Xa están concluídos e están analizados os resultados dos estudos das turbeiras, están entregados xa os estudos dos grupos especializados de queirugais e matogeiros e en execución os hábitats relacionados co medio acuático.

Polo que a previsión é continuar con estes estudos para ter esa información, que, en todo caso, ha de ser veraz, ha de ser científica, ha de ser rigorosa, sobre os nosos hábitats de interese comunitario, e, polo tanto, ampliar no momento en que teñamos as conclusións dos distintos estudos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Polo tanto, levamos catorce anos traballando e o resultado non é unha pancarta onde todo se negue. O resultado é que non estamos a carón do falso ecoloxismo, nunca o estaremos; non estamos a carón da radicalidade, da senrazón nin dos bulos, pero si estamos a carón da ciencia, do equilibrio, da realidade, do traballo e da sostibilidade. E ao final o resultado é que Galicia é a primeira comunidade en absorción de CO₂...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): ...e Galicia é a primeira comunidade en redución de emisións de gases de efecto invernadoiro; estamos nun 60 por cento.

Esta é a nosa Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): ...a Galicia equilibrada e sa.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D^a Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a ampliación dos servizos complementarios educativos no sistema público de ensino

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días, señor presidente.

Deputados e deputadas, conselleiro, un pracer toparnos por primeira vez aquí no Parlamento despois de moito tempo de traballo conxunto.

Ben, estaremos de acordo —espero que o conselleiro tamén estea de acordo— en que un dos grandes problemas que ten neste momento Galicia é precisamente a baixa ou a situación demográfica na que nos atopamos, cunha situación onde día a día se reduce o número de nenos e nenas que temos na nosa comunidade autónoma.

Aínda que os últimos datos supoñen un pequeno repunte na poboación de Galicia, debido fundamentalmente á incorporación da emigración e, polo tanto, da incorporación de persoas alleas á nosa comunidade autónoma, desde logo está claro que algunhas das políticas da Xunta de Galicia precisamente favorecen esa incorporación. Onte, polo que vin na prensa, o conselleiro estivo na recepción dos novos bolseiros do programa BEME, que é facilitar a incorporación, o retorno a Galicia de fillos, netos e bisnetos de emigrantes galegos. E, polo tanto, esa é unha forma de incorporar.



Pero está claro que temos que buscar as medidas que favorezan o incremento da natalidade e o incremento da natalidade da nosa poboación. A Xunta de Galicia é sensible a ese tema. De feito, onte comentouse aquí que no ano 2021 se elaborou unha Lei de impulso demográfico, unha lei da que eu espero que a Xunta de Galicia estea avaliando os seus resultados, porque está moi ben lexislar, pero o que hai que ver é se despois se aplican as medidas adecuadas, se esas leis son efectivas e conseguen o obxectivo que se pretende. E, polo tanto, esperemos que en breve a Xunta de Galicia faga unha avaliación precisamente desa lei, se cumpre os criterios para os que foi elaborada e, sobre todo, se se puxeron os medios necesarios para que iso sexa preciso.

E, polo tanto, creo que o problema da natalidade, o problema do incremento da demografía é un problema absolutamente transversal e debe ser un problema —digamos— de preocupación de todas as consellerías e de toda a Xunta de Galicia en xeral, sobre todo tendo en conta que, por sorte, estamos nun momento, nunha situación onde hai un nivel de emprego de máis de 22.000 en total en España e aquí en Galicia tamén cun número importante de empregos, sobre todo tamén co efecto da incorporación da muller ao emprego, que é moi ben recibido, pero que iso ten como consecuencia dificultade á hora de poder conciliar esa vida laboral co desenvolvemento familiar; tamén a aparición dun número importante de familias monoparentais —fundamentalmente de mulleres—, que dificultan nalgúns ocasións o poder compatibilizar a crianza dos nenos e as nenas coa necesaria actividade laboral.

Polo tanto, creo que temos que facer un especial fincapé naquelas medidas que permitan esta conciliación entre a vida laboral e a crianza dos rapaces e rapazas da nosa comunidade, sobre todo nas idades máis temperás, onde a autonomía dos rapaces é practicamente imposible.

Polo tanto, creo que o sistema educativo ten que xogar un papel fundamental en permitir conciliar a vida laboral coa actividade e a crianza dos nenos. É a única forma de facilitar que as parellas xoves non teñan que elixir entre traballar e ter fillos. E, polo tanto, para iso é moi importante que o sistema educativo permita esa conciliación. E para iso é necesario que o sistema educativo dispoña de servizos complementarios, non só os servizos educativos, senón servizos complementarios que permitan esta unión entre os horarios laborais cos horarios educativos.

A Consellería xa considera que os servizos de comedor, os servizos de transporte e incluso nalgúns casos as actividades extraescolares forman parte desas actividades educativas complementarias, e, polo tanto, son apoiadas pola Xunta de Galicia. Non na súa totalidade, porque, por exemplo, no caso dos comedores hai que dicir que o 36 por cento dos comedores que hai neste momento no sistema público son xestionados ou por ANPA ou por concellos, o 36 por cento, conselleiro.

Iso supón que concellos como o Concello de Lugo dedica practicamente 1.200.000 euros cada ano precisamente para o servizo de comedor, pero o Concello da Coruña exactamente igual, o de Santiago igual, o de Vigo exactamente igual. Polo tanto, é importante que se faga ese esforzo.



E, ademais, esta situación ou estas problemáticas están na rede pública dos servizos, porque curiosamente na rede concertada, que xa supón un 27 por cento dos centros educativos de educación obrigatoria, practicamente todos dispoñen deses servizos, dispoñen de transporte, dispoñen de comedor, dispoñen de actividades extraescolares, o que permite adaptar moito mellor. Polo tanto, temos que loitar porque o sistema público tamén dispoña deses sistemas.

E creo que hai un elemento que é moi importante; é dicir, temos neste momento establecido un sistema que nos permite desde aproximadamente as 9 da mañá, que é cando se incorporan os rapaces, ata as 6-7 da tarde ter posibilidade de cubrir ese horario. Pero hai unha franxa dese horario que é moi sensible para as persoas que están traballando, sobre todo en determinadas actividades, fundamentalmente as actividades industriais, que é o período anterior ao inicio do período escolar, que son os que se denominan sistemas de madrugadores, de almorzo e demais servizos, que neste momento se están realizando nalgúns centros de distintas vilas e cidades. Pero aí si que a participación da Consellería é nula. ¿Por que? Porque non teñen esa consideración de servizos educativos complementarios.

E, sobre todo, iso é máis grave nas cidades grandes, que teñen presuposto importante e relativamente —digamos, entre comiñas— «se poden asumir» eses servizos. Pero hai nalgúns casos pequenas cidades que non teñen capacidade económica para facer fronte a eses servizos de madrugadores. E vou poñerlle un caso: o concello de Narón. O concello de Narón, dentro da comarca de Ferrolterra, que eu coñezo ben, pois resulta que é un concello que si ten un incremento de poboación importante, ten un sector industrial moi desenvolvido, vinculado moito con industrias auxiliares dependentes de Navantia e, polo tanto, hai un número importante de parellas xoves que teñen rapaces e rapazas en idade entre 0 e 3 e incluso entre 3 e 6 anos, que necesitan a súa escolarización. Pero necesitan a escolarización desde as 8 da mañá. E ademais son familias que non teñen esa rede familiar dos avós e as avoas que poden substituír esa situación. E, polo tanto, necesítase ter ese servizo de madrugadores. Pero, claro, neste momento ese servizo de madrugadores está sendo —digamos— sostido por fondos municipais, pero o Concello de Narón xa non ten fondos suficientes para poder facer fronte a ese servizo tan necesario para que se escolarice.

Polo tanto, creo que temos que facer un esforzo precisamente para dotar o sistema público de educación obrigatoria de todos eses servizos, que permitan esta compatibilización dos horarios laborais cos horarios das distintas familias. Porque, se non, imos continuar con este problema de que os xoves teñen que decidir e, polo tanto, cheguen a unha situación de —digamos— dispoñer de fillos e fillas en idades moito máis avanzadas e, polo tanto, se reduzan enormemente.

Quero recordar que os últimos datos que tiñamos era que a natalidade en Galicia estaba no 1,1 por cento, incluso un pouquiño inferior. Con iso nin sequera garantimos o relevo das persoas, porque por debaixo de dous por cada parella iso sería imposible.

Polo tanto, creo que desde todas as consellerías, e, por suposto, desde a Consellería de Educación, hai que facer un esforzo, que non significa que sexa sostido única e exclusivamente pola Consellería, senón que se pode ir a sistemas onde se compartan custos, pero si que a Consellería tome a decisión de incorporar estes servizos como servizos complementarios.



Polo tanto, nesta iniciativa o que queremos saber é se desde a Consellería contemplan a posibilidade de declarar estes servizos de madrugadores como uns servizos complementarios educativos como son o do comedor ou o do transporte. E, ademais, tamén nos gustaría que por parte do conselleiro nos faga unha valoración de como cren que estes servizos poden mellorar a calidade educativa e poden mellorar os servizos que desde o sistema educativo lles damos ás familias de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, presidente.

Señorías, a verdade é que estamos de acordo en que a demografía é un dos principais problemas estruturais que ten o país, se non o máis importante que ten o país, e tamén que a sociedade actual é cada vez máis complexa, evoluciona, hai cambios sociais, cambios familiares, cambios demográficos, e, obviamente, as administracións debemos estar á altura e dar resposta a todos estes cambios.

Dende a Consellería —creo que é sabido— levamos anos mellorando este servizo, o servizo educativo, buscando unha actualización e unha adaptación constante e progresiva aos cambios que se dan, tanto dentro como fóra das aulas. E entre todos fomos capaces de construír un modelo educativo do cal nos sentimos orgullosos, un modelo que hoxe ten acadado os mellores resultados académicos da nosa historia recente —así se recolle en moitísimos indicadores internacionais—, que ten avanzado en excelencia educativa, en innovación, en transformación dixital, en equidade —somos a comunidade autónoma máis equitativa de España— e tamén no reforzo e apoio ás familias para garantir dentro das aulas o benestar e a igualdade de oportunidades e favorecer a axuda aos alumnos que máis o precisan.

Se falamos de servizos complementarios, en Galicia podemos dicir que somos líderes no conxunto de España en servizos complementarios. ¿Que son os servizos complementarios? Os servizos complementarios en educación están definidos por lei orgánica. E son dous: o transporte escolar e o comedor escolar. E estes dous servizos, moi importantes no seu momento, foron deseñados para garantir a prestación do servizo educativo. Foron e son instrumentos de compensación para salvar as dificultades de acceso ao ensino público, motivado fundamentalmente pola dispersión xeográfica e polo sistema de asentamentos de Galicia.

Estes servizos, o transporte e o comedor, foron garante e garantía de integración, de equidade e de igualdade de dereitos de todos os alumnos. Galicia ten un dos mellores sistemas de servizos complementarios do conxunto de España, sen dúbida o máis importante na orde de magnitude. Todos sabemos a transcendencia que ten tido e ten o transporte escolar para



achegar ás aulas os miles e miles de alumnos que viven cun sistema de asentamentos disperso en Galicia.

En Galicia temos o sistema de transporte escolar máis importante do Estado, sen dúbida ningunha, absolutamente gratuíto para as familias. Beneficia o 40 por cento do alumnado do ensino obrigatorio, estamos a falar aproximadamente de 80.000 alumnos, e as magnitudes son coñecidas: máis de 3.000 rutas, unha enorme capacidade territorial; só co 5 por cento da poboación escolar de Galicia temos máis do 21 por cento do gasto do conxunto de España. Iso demostra a importancia que se lle dá a este servizo. E, por poñer un dato, o transporte escolar supónlle a Galicia ao día ao redor de 700.000 euros, 120 aproximadamente por curso escolar, un servizo que se leva prestando dun xeito creo que tremendamente aceptable e que a partir de agora vaia xestionar a Consellería de Presidencia dentro do ámbito da Dirección Xeral de Mobilidade.

O mesmo podemos dicir dos comedores escolares. Somos a primeira comunidade autónoma de España en canto ao servizo de comedor escolar, 80.000 alumnos aproximadamente, servizo que é prestado unha parte pola Xunta e outra parte é prestado por ANPA e por concellos. Estamos ante un dos servizos máis xustos e accesibles, co 5 por cento da poboación escolar, máis do 10 por cento do gasto total de España, e sabemos que hai un sistema de copagamento en función da renda para posibilitar axudar a quen máis o precisa, e aproximadamente o 80 por cento dos usuarios pagan 0 euros ou pagan 1 euro.

Temos tamén colaboracións cos concellos, convenios cos concellos, que medran de xeito constante; citouse o de Santiago, este ano medrou o aporte da Xunta ao concello. Temos acordos tamén coas ANPA, hai unha liña de financiamento para as ANPA, que se incrementa de xeito progresivo, e todo iso é tremendamente importante para o alumnado e para o sistema.

Pero aquí dáse a sensación de que estamos confundindo o que son os servizos complementarios, definidos por lei, e o que son os servizos de conciliación, como os que se plantexaron nesta parte polo señor deputado Julio Abalde. E a verdade é que agradezo a confianza na Consellería, porque está pedindo que os asuma a Consellería, porque entendo que presume que vai xestionar ben estes servizos de conciliación, que están xestionando outros organismos, ben sexan concellos, ben sexan federacións de pais.

E dá a sensación tamén ás veces de que algúns concellos non queren asumir este servizo que primeiro montan e despois llo queren trasladar a outra administración, porque ou ben non son capaces ou ben supónlles un custo significativo.

En todo caso, hai que deixar moi claro —e é a clave do asunto— que os servizos educativos complementarios non poden confundirse nin son servizos de conciliación. Por suposto, estamos tremendamente de acordo coa súa importancia como Goberno —e darei cifras máis adiante—, pero creo que a responsabilidade da Consellería de Educación é dar resposta ás competencias que ten nos marcos legais orgánicos e non asumir outras competencias que están noutros ámbitos. Estamos de acordo, por suposto, na importancia que teñen estes servizos, pero a responsabilidade e as competencias son de quen son.



E é verdade que dá a sensación de que se pretenden converter servizos que están pensados para apoiar as familias en servizos educativos simplemente por unha razón: polo lugar onde se prestan. Non son complementarios, non están a ser recollidos e teñen —xa o dixer— unha orixe e unha finalidade diferente, que os sitúa tamén en certa medida no ámbito social, que é facilitar a vida ás familias e compatibilizar horarios.

Os servizos aos que se fai aquí alusión e vostede o fixo, de madrugadores, aulas matinais e almozos, exceden por completo o ámbito educativo; son tremendamente importantes, sen dúbida, pero non son servizos educativos, e pódense prestar, e préstanse, en infraestruturas educativas que se ceden para estes servizos, pero non son garantes da escolarización. E esa é a diferenza clave que fai que estes servizos de conciliación non sexan servizos educativos.

No texto da interpelación que se presentou dá a sensación de que hai algunha normativa ou algún marco legal —que, por certo, nunca se chega a citar— que obriga a Xunta de Galicia a vincular o servizo de madrugadores ou de aula matinal co ámbito educativo, e iso pois é falso. E isto dígo polo seguinte: o Ministerio de Educación, na pasada lexislatura, modificou todas as leis educativas, todas; modificou a lei orgánica que define precisamente o que é e o que non é un servizo educativo complementario. A LOMLOE non modifica o que son os servizos educativos complementarios. Segue definindo o transporte e o comedor escolar como servizos complementarios e os outros non os introduce. A LOMLOE aprobouse hai moi pouco tempo, neste caso por unha maioría parlamentaria no ámbito español de esquerdas. Non hai na LOMLOE ningún artigo no que se vinculen estes servizos de carácter social con servizos complementarios educativos.

É máis: na propia interpelación recóllense artigos da LOE, da Lei orgánica de educación, non da LOMLOE, e a verdade é que tamén se ve nun momento pois unha afirmación que entendemos que é falsa, cando se di—e leo textualmente— que «os concellos non dispoñen de competencia nin recursos para desenvolver estes servizos», algo que é falso. Os concellos teñen plena autonomía para poñelos en marcha; de feito, fano, e fano porque estamos ante servizos de conciliación, ante servizos máis vencellados ao ámbito social.

Digo isto igual que nalgúns casos se ten dito que os concellos non son competentes no ámbito da conservación ou do mantemento ou da vixilancia dos centros de educación infantil e primaria. Pois todos os marcos legais xa aprobados no conxunto do Estado, a inmensa maioría polo Partido Socialista, non modifican esta cuestión, que está recollida na LOE e que di que tanto as competencias de mantemento como neste caso o que son servizos complementarios uns son competencias do Concello e outros non son competencia da Xunta.

En todo caso, iso non quere dicir que non haxa un apoio á conciliación nin a estes importantes servizos. De feito, o Goberno autonómico, a través de diferentes consellerías (a de Traballo, a de Política Social), dedica arredor de 14 millóns de euros a cofinanciar diferentes programas (de madrugadores, de flexibilidade horaria, de conciliación para autónomos) que van orientados basicamente a favorecer a conciliación e o fomento da corresponsabilidade neste ámbito. Digo e repito: 14 millóns polos departamentos autonómicos.

En definitiva, creo que Galicia ten un sistema educativo que ten apostado —e é un dos seus sinais de identidade— sempre pola equidade e pola igualdade de oportunidades. Temos re-



forzado os servizos complementarios nos últimos anos dun xeito evidente, tanto o transporte como o comedor escolar; apoiamos os servizos complementarios, 14 millóns de euros; temos a rede máis importante de transporte e comedor escolar de España, con moitísima diferenza. Pero os servizos educativos complementarios é unha cousa e os servizos de conciliación son outra.

¿Por que? Porque os servizos complementarios non son garantes de escolarización nin se producen dentro do horario lectivo. Esa é a clave que vén diferenciar uns doutros. ¿Son importantes? Por suposto. ¿A Xunta apoia? Por suposto. ¿Prestan os servizos as ANPA? Por suposto. Pero son cuestións francamente diferentes, e así o recolle a normativa estatal, a lei orgánica aprobada recentemente pola maioría de esquerdas no Goberno de España, que non clasifica os mesmos como servizo complementario e os restrinxen especificamente ao transporte e ao comedor escolar.

En definitiva, si apoiamos, si claramente apoiamos os servizos de conciliación, apoiámoslos e financiámoslos en gran parte. Pero unha cousa é un servizo de conciliación e outra cousa é un servizo educativo complementario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, conselleiro.

Están con nós os alumnos de cuarto de ESO do IES O Couto, en Ourense. Benvidos ao Parlamento, e tamén ás súas profesoras que hoxe os acompañan.

Turno de réplica, o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Moitas grazas.

Benvidos os alumnos do Couto a este Parlamento de Galicia.

Conselleiro, por suposto comecei dicindo que as políticas de loita contra o descenso demográfico tiñan que ser absolutamente transversais, da Xunta de Galicia, e, polo tanto, do Goberno da Xunta de Galicia e de todas as consellerías da Xunta de Galicia. Pero dáse a casualidade de que neste caso estamos falando de determinados servizos de apoio que se dan nos centros educativos. Polo tanto, por iso se dirixe ao —digamos— representante educativo, e sobre todo porque hai este servizo de madrugadores para distintas idades, de educación infantil, educación primaria e incluso nalgúns casos nos primeiros cursos de educación secundaria; polo tanto, son do período obrigatorio desta ensinanza.

Pero é que, ademais, no decreto que regula os comedores escolares tamén figura unha referencia a estes servizos de madrugadores, porque se di que se lles podería aplicar a mesma normativa dos comedores escolares. E, polo tanto, do que se trata é de que a Consellería considere que estes tamén deben ser centros, e ninguén vai aquí dicir que os concellos non teñen competencia neste tipo de cuestións.



O que estamos dicindo é que haxa unha facilidade de coexistión destes servizos e, polo tanto, que se colabore desde a actividade educativa tamén a —digamos— visibilizar estes servizos.

Por suposto, ninguén discute que as competencias de mantemento e de vixilancia, non de infraestruturas, dos colexios son dos concellos, que nalgúns casos se confunde o feito de que algunhas renovacións tecnolóxicas ou de infraestruturas dos centros educativos teñen que ser feitas polos concellos.

Polo tanto, aquí non estamos falando de separación de competencias. Do que estamos falando é de que isto é un problema que necesita a implicación de todos: implicación dos concellos, implicación das consellerías, de distintas consellerías, e, polo tanto, o que pedimos é que a Consellería de Educación lidere este proceso, o lidere considerando eses servizos como servizos complementarios, e, polo tanto, poden facilitar dalgunha maneira a colaboración na prestación destes servizos, e que non se deixe a responsabilidade da xestión nuns centros dependentes da Consellería de Educación única e exclusivamente aos concellos ou ás ANPA, que as ANPA non teñen esas funcións nin teñen esas capacidades, e sobre todo non teñen continuidade, porque os nenos van crescendo e as persoas das ANPA van cambiando. E, polo tanto, creo que debemos de facer ese esforzo, e debemos facer ese esforzo desde a Consellería.

E, polo tanto, eu o que estou pedindo aquí é que a Consellería de Educación lidere, precisamente porque coñezo moi ben como funciona a Consellería de Educación, sobre todo porque coñezo moi ben a capacidade dos profesores e as profesoras que están nos centros, que serían os primeiros intermediarios, os primeiros, —digamos— a liña de traballo coas ANPA. E, polo tanto, esa comunidade educativa é a comunidade que debía liderar esas cuestións e, polo tanto, desde o punto de vista da Consellería o que hai é que facilitar esa situación para que iso sexa posible.

Repito: creo que o reto demográfico ten que ser —como dicía o conselleiro— un dos primeiros obxectivos da nosa Comunidade Autónoma, e aí temos que empezar a traballar todos, temos que empezar a traballar a Comunidade Autónoma, o Goberno da Xunta de Galicia, as distintas consellerías e tamén as distintas administracións (locais, deputacións), ANPA, comunidades educativas. E, polo tanto, entre todos temos que ser capaces de crear ese ecosistema que permita que as parellas xoves poidan compatibilizar perfectamente a súa vida laboral e a crianza dos seus fillos, porque, se non, se iso non é así, sabemos perfectamente quen vai sufrir as consecuencias de non poder compatibilizar, que van ser fundamentalmente as mulleres as que van ter que abandonar o mercado laboral precisamente para facerse cargo da crianza dos seus rapaces e rapazas.

Polo tanto, conselleiro, eu —é o que lle pido— creo que ten instrumentos suficientes para que simplemente sexan consideradas estas actividades como actividades complementarias e, polo tanto, facilite o labor dos concellos, facilite o labor das ANPA, facilite o labor dos centros educativos e, polo tanto, que lidere este proceso que creo que é necesario para Galicia e para o desenvolvemento dunha demografía adecuada para a nosa Comunidade Autónoma.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche desta interpelación, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Tamén saúdo os alumnos do Couto, de Ourense, que están connosco.

E tamén agradezo a confianza do señor Abalde, no sentido de que me quere dar máis traballo; debe ter confianza en que a Consellería de Educación o vai facer ben, ou que o vai facer mellor que os concellos.

Hai unha cuestión que eu quero mencionar, que é que o feito de que un servizo de conciliación se preste nun espazo educativo non quere dicir que sexa responsabilidade da Administración educativa. A administración educativa cede un espazo para que outras organizacións, públicas ou privadas, desenvolvan un servizo de conciliación. Neste caso, a Xunta colabora con estes servizos de conciliación financiando unha parte moi significativa destes, con catorce millóns de euros que son aportados por outras consellerías, como pola Consellería de Emprego ou pola Consellería de Política Social; e tamén colabora a Consellería de Educación, obviamente, cedendo os seus espazos.

¡Claro!, por moito que mo pida, este Goberno é imposible que declare que isto sexa un servizo complementario porque iso ten que facelo unha lei orgánica, a LOMLOE, que acaba de aprobar hai moi pouco tempo o Partido Socialista no Congreso dos Deputados de España, e este non considerou cambiar este marco, co cal, estame pedindo unha cousa que o seu partido no ámbito estatal non está facendo.

Despois, tamén vexo unha certa contradición no que vostede está dicindo aquí e no que están plantexando nos concellos. En varios concellos —vostede citou o de Narón, pero eu tamén podo citar o Concello de Santiago— vostedes fixeron mocións, neste caso aos grupos de Goberno deses concellos, pedindo servizos de madrugadores e dicindo especificamente que son servizos municipais, tanto no ámbito do concello de Santiago como no ámbito do concello de Narón —que vostede citou—. Vostede di claramente que son servizos municipais; pide e reclama a xestión directa por parte do Concello dos servizos de madrugadores; e, dalgún xeito, pide incluso a creación dun servizo municipal de conciliación —tamén no concello de Narón—.

Claramente, están pedindo aos concellos —vostedes, como a oposición nesas concellos— que sexan eles os que asuman ese servizo. Entón, ¿en que quedamos? Os seus compañeiros, nos concellos, piden que sexan servizos municipais e pídenllo aos alcaldes correspondentes, e aquí pídenllo á Xunta de Galicia. Aí hai unha certa contradición que fala do que é ao final, porque, ao final, estamos a falar de servizos de conciliación que poden prestar os concellos, directa ou indirectamente, e que poden prestar as ANPA, pero que, en todo caso, non son competencia da Consellería de Educación e son financiados en gran parte pola Xunta de Galicia.



Ao final, —creo— esta é a clave do asunto. O sistema educativo galego ten unha grandísima rede, a mellor do Estado —podemos dicir—, afortunadamente —a mellor do Estado—, tanto no ámbito do transporte como no dos comedores escolares, cunha enorme cantidade de recursos dedicados que supera moitísimo a porcentaxe que lle corresponde dende a perspectiva dos alumnos. Temos un modelo educativo que se por algo se caracteriza é pola súa equidade, por garantir a igualdade de oportunidades e por apoiar as familias. Sen ir máis lonxe, estamos a falar aproximadamente dun apoio directo ás familias de ao redor duns cen millóns de euros; se metemos tamén o transporte escolar, estamos a falar aproximadamente de douscentos vinte millóns.

Para nós é fundamental a equidade, é fundamental a igualdade de oportunidades e tamén é fundamental que estes servizos que se están prestando os poidamos financiar; e estanos financiando, neste caso, diferentes consellerías para que se poidan desenvolver do mellor xeito posible dentro dos espazos educativos, pero sendo servizos de conciliación. O sistema educativo non pode ser omnívoro, non pode ter todo; ten que centrarse e fixarse no seu marco competencial e ten que compartir os seus recursos con outras políticas que teñen como destinatarios os alumnos e as alumnas ou as persoas en idade escolar, pero que son servizos claramente de conciliación, e así está en todos os marcos legais.

Insisto, se o Partido Socialista entende que estes servizos de conciliación deben ser servizos educativos complementarios, hai moi pouco tempo tivo a oportunidade de modificalos e de metelos así na propia lexislación orgánica e, sinceramente, non o fixo. Polo tanto, eu agradezollas, outra vez, a confianza pensando que esta consellería pode xestionar ben estes servizos, pero non son servizos educativos. Teñen o apoio da Xunta de Galicia en máis de catorce millóns de euros.

Galicia, se de algo debe estar orgullosa, se de algo podemos estar orgullosos como país —con independencia dos gobernos e dos partidos políticos que gobernaron Galicia— é da fantástica e da moi boa rede de servizos educativos complementarios, de transporte e de comedor escolar, que, afortunadamente, e durante moito tempo, garantiron, garanten e garantirán o acceso ao servizo educativo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto sexto da orde do día, é dicir, ao de preguntas ao Goberno.
Comezamos coa pregunta de dona Elena Candia, do Grupo Parlamentario Popular

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o funcionamento do servizo prestado polos trens AVRIL na liña de alta velocidade da nosa comunidade

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra Elena Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Bo día a todos e todas.



Señor conselleiro.

Señorías.

A necesidade de contar cun servizo de alta velocidade de calidade é algo absolutamente aceptado por todos, e creo que non necesita xustificación, nin da urxencia nin do contido na miña primeira parte da intervención.

A existencia de problemas na operatividade dos recentemente estreados trens AVRIL tamén é, desgraciadamente, coñecida por todos, e, o que é peor, sufrida polos seus usuarios. Hai múltiples avarías, impuntualidades, falta de cumprimento da oferta de frecuencias...; nomeadamente, neste punto, e sen ser de alta velocidade, tamén quero recordar hoxe aquí que moitas das frecuencias que se suprimiron por mor da pandemia nalgunhas provincias, como a que eu represento, aínda hoxe seguen sen restituírse.

Hai falta de cumprimento de prazos e hai un servizo que —dígoo con toda a humildade, pero tamén con toda a rotundidade— parece que é insuficiente. Vou reproducir algúns dos titulares que recollen eses incumprimentos. No *Faro de Vigo*: «O AVE estréase en Vigo cun atraso de 133 minutos»; en *La Voz de Galicia*: «Fiasco en el estreno del AVE»; outra vez en *La Voz de Galicia*: «Fallos en el estreno de los trenes: los hay con los AVRIL y los hubo con los Alvia»; en *La Voz de Galicia*, o 29 de maio, por exemplo: «Primeira semana cos trens AVRIL operativos: a excepción é que sexa puntual. O primeiro AVRIL que saíu de Galicia chegou a Madrid con máis de dúas horas de atraso por unha avaría en Ourense, e tivo que ser remolcado por un Alvia»; periódicos a nivel nacional, como o ABC, que recollía tamén: «A estrea dos AVRIL encalla de novo: atrasos de media hora na súa segunda xornada».

Sabemos todos que a singularidade da Rede ferroviaria galega de ancho ibérico fai imprescindible o uso destes trens para poder chegar a alta velocidade á nosa comunidade. Estamos falando dunha alta velocidade que chegaría á Coruña, a Santiago, a Pontevedra e a Vigo. E eu aquí, hoxe, teño que volver reivindicar que Lugo segue sendo a provincia esquecida. Trátase dunha necesidade; non é un privilexio.

Ante o exposto —da maneira máis rápida e resumida que puiden—, preguntolle, señor conselleiro: ¿que valoración fai desta situación? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Señorías, a verdade é que é obvio que nos gustaría poder dicir que a chegada do AVE foi menos problemática ou menos accidentada do que é no día de hoxe, pero, despois de ter moitas promesas, xa dende o ano 2022, de que estaba a piques de chegar, a verdade é que sufrimos moitos prazos e incumprimentos.



Durante todo este tempo, case un mes que levan en servizo —valla a redundancia— os servizos do AVE, houbo avarías e atrasos que non se limitaron ao primeiro día —que xa foi bastante impactante o feito de que o primeiro día o tren máis rápido que chega a Galicia chegase máis tarde que nunca a Madrid e tivese que ser remolcado polos trens anteriores—, e isto non deixa de ser unha parodia e un reflexo do que estivo a ocorrer e do que, desgraciadamente, case un mes máis tarde, segue a ocorrer case a diario.

A verdade é que non temos información de se se debe a problemas na rede ferroviaria ou de se se debe á posta a punto dos trens AVRIL, pero o certo é que estas incidencias están a ocorrer cada día e na Xunta de Galicia seguimos sen ter información real de cales son os problemas e de cal é a previsión que teñen o Goberno e o Ministerio para arranxalos definitivamente. Son moitos os exemplos e, efectivamente —como vostede dicía—, non só se limitan aos trens AVRIL e á alta velocidade, senón que no propio eixo Atlántico esta mesma semana sufría un atraso de máis de unha hora un tren entre Vigo e A Coruña. E aí si que afecta, ademais, moita xente que utiliza este medio de transporte como medio de transporte para acudir diariamente aos seus traballos.

Estas incidencias e estes problemas, se nos fixamos no ferrocarril de vía estreita, multiplican aos do eixo Atlántico e multiplican tamén aos de alta velocidade, polo tanto é o que temos no día de hoxe. Nós non imos cansar de reivindicar un transporte digno, puntual e rápido; pedimos ao Ministerio que resolva, canto antes, estes problemas. Creo que, con base na transparencia, deberíanos informar de que é o que está ocorrendo, despois de tres semanas reproducíndose estes problemas e, dende logo, que nos diga cando vai cumprir os compromisos que adquiriu con Galicia.

Estou a falar de que, no día de hoxe, non se cumpre o incremento de frecuencias porque o único que se fixo coa estrea dos primeiros AVRIL foi substituír dous Alvia por dous AVRIL, pero en ningún caso incrementaron as frecuencias. Estamos a falar de que non houbo tampouco o incremento de prazas que pedimos, máis aló de que os trens AVRIL levan o dobre de pasaxeiros que os Alvia, pero no resto das frecuencias non se produciu o incremento. Non se produciu tampouco a redución no tempo de viaxe: inicialmente ía ser de trinta minutos; ¡bueno!, finalmente vai ser de trinta minutos, porque iamos empezar con quince minutos, pero todos os problemas que están a ocorrer en cada un dos traxectos fan con que non é que adiantemos quince minutos, é que nalgúns atrasamos ata hora e pico a chegada a Madrid. Non sabemos tampouco nada da posta á disposición para o público deses billetes de baixo custo que noutras comunidades existen e que, en Galicia, Renfe optou por non aplicalo; nós pedímoslle que nos compensase por esa decisión con 2.000 billetes.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Efectivamente...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...non chegou a Lugo nin a Ferrol... *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Para a réplica ten a palabra a señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Seguro que considerará acaída para toda esta Cámara esa reflexión que di: «non máis que ninguén, pero tampouco menos que ninguén». Nesa tesitura, seguro que todos coincidimos en que estas incidencias teñen que ser absolutamente corrixidas, máis pronto que tarde, e —insisto e permítanme esa insistencia— non podemos permitir que ningunha capital de provincia quede fóra da alta velocidade; *(Aplausos.)* Lugo non pode quedar sen alta velocidade. *(Aplausos.)*

Neste contexto, neste triste contexto, a miña segunda pregunta é: ¿cal vai ser a actitude da Xunta? Xa adianto que, se a súa actitude vai ser reivindicativa, vai ter o apoio do Grupo Parlamentario Popular, porque as infraestruturas e a alta velocidade permitiranos continuar na senda da competitividade e permitiranos seguir loitando por esa igualdade, xa que algún goberno —probablemente o de Pedro Sánchez máis que ningún outro na historia da democracia— está empeñado en crear españois de primeira e españois de segunda. E os galegos —nomeadamente, tamén os lucenses— non imos permitir que o consiga.

Así que se vostede o vai reivindicar, este grupo vai estar ao seu lado.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor presidente.

Non o dubide. Nós —creo— estamos sendo bastante coherentes. Tivemos, hai escasas semanas, a chegada do primeiro tren, na cal o propio presidente da Xunta lle manifestou ao ministro cales eran os compromisos que nós queríamos que adquirise; el adquiriunos nesa viaxe e díxonos que si. Tres semanas despois vemos que non é que se avanzase neses compromisos, senón que a posta en marcha do propio tren é un desastre. Polo tanto, nós o que lle estamos pedindo, nestes precisos momentos, é que, por favor, nos explique cales van ser as actuacións que vai ter o Goberno, primeiro, para subsanar os atrasos que estamos sufrindo e, logo, para saber cando imos substituír todos os trens Alvia e cantos imos ter definitivamente en Galicia. Nós necesitabamos —segundo as nosas previsións— sete trens AVRIL para poder completar e satisfacer a demanda.

Queremos saber se imos ter tren de baixo custo ou, en todo caso, se se van baixar os prezos dos billetes e se se van incrementar as frecuencias; todas esas son preguntas que están enriba da mesa e sobre as cales nós imos seguir preguntando.

E, efectivamente, nós non nos olvidamos de Lugo, por suposto, e tampouco de Ferrol, que son as dúas cidades ás cales, no día de hoxe, non poden chegar nin sequera estes trens. Temos que saber, ademais, que pasa coa variante de Cerdedo; temos que saber tamén cales



son as obras pendentes que temos en Galicia para que o tren poida chegar a Lugo. No día de hoxe, como non temos esa información, eu auguro que imos ter que seguir esperando en Lugo, pero nós imos seguir reivindicándoo, señoría; non teña ningunha dúbida. Esas son obras no tocante ao eixo Atlántico, pero seguimos a preguntar que é o que pasa coa conexión a Portugal. Hai dúas semanas o presidente da Xunta tivo unha reunión co ministro de Transportes e de Fomento, de Portugal, e este díxolle que Portugal estaba en disposición de ter a alta velocidade na fronteira no ano 2032; en España, no día de hoxe, é imposible tela no ano 2032. E seguimos sen ter tampouco ningún compromiso, que seguiremos reclamando.

E tamén hai outras obras que afectan á alta velocidade, pero que xa están fóra de Galicia. Estamos a falar do desdoblamento da vía entre Medina e Zamora e estamos a falar tamén das obras que hai na estación de Chamartín. Polo tanto, nós estamos expectantes reclamando o que é xusto —como vostede dicía—. Non queremos máis que ningunha outra comunidade, pero si que queremos ter un tren de verdade, que se poida chamar de alta velocidade, para que, cando te metas nel non te atrases dúas horas ou tres como ocorreu durante estas semanas.

Imos seguir reivindicando o que é xusto e o que Galicia merece.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de don Julio García Comesaña, do Grupo Parlamentario Popular.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o resultado da aplicación do protocolo establecido pola Xunta de Galicia para regular o uso dos móbiles durante o tempo de lecer nos centros educativos

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, conselleiro.

Hai practicamente unha década, Galicia foi pioneira coa publicación do Decreto 8/2015, polo que se regulaba e se desenvolvía a Lei de convivencia e participación da comunidade educativa.

Este decreto regulaba o uso dos móbiles na aula por motivos educativos e tamén no resto do centro; de feito, a finais do ano pasado o 76 por cento dos centros educativos en Galicia prohibía o uso dos móbiles máis alá das aulas. E nese momento, a finais de 2023, nun contexto de revisión do que será no futuro a Lei de prevención da adicción en menores, xunto coa consideración das bebidas enerxéticas ou dos vapeadores, estimouse oportuno falar, retomar ou poñer en debate o uso dos móbiles nos centros educativos. E aí, nun traballo conxunto de Sanidade e de Educación, acordouse dar un paso adiante, e en xaneiro deste mesmo ano, os centros educativos de Galicia enteira decidiron tomar a medida de prohibir o uso dos móbiles



nas aulas —excepto con fins educativos, insisto— e, sobre todo, nos espazos de lecer, tanto na entrada como nos propios recreos.

A verdade é que foi —como digo— o cen por cento, e pasamos dese carácter voluntario que tiñamos anteriormente con ese decreto a esta situación nova —insisto— dende hai seis meses.

Ben, a pregunta é: ¿cal é o balance que fai a Xunta de Galicia sobre o resultado da aplicación do Protocolo que regula o uso dos móbiles nos centros educativos, tanto nas aulas como no tempo de lecer?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, a verdade é que para a Xunta de Galicia, e para esta consellería, favorecer a convivencia nos centros educativos é unha das nosas prioridades; é un dos aspectos fundamentais para calibrar e para posibilitar o éxito do sistema educativo.

Desenvolvemos moitas medidas, moitas accións e temos unha estratexia de convivencia. Onte mesmo presentamos os resultados da Macroenquisa de convivencia e de hábitos sociais, na cal tivemos datos —creo— moi positivos para poder presumir do que é o noso sistema e da convivencia no noso sistema. Máis do 90 por cento das persoas enquisadas —que foron 173.000— afirmaron e consideraron que os conflitos nas aulas son pouco frecuentes e que a convivencia dentro do sistema educativo e dentro das aulas mellorou nos últimos anos. Máis do 92 por cento dos enquisados —familias, profesorado e alumnado— dixo tamén que os centros educativos son centros inclusivos e centros que favorecen a convivencia, e —creo— estes son datos tremendamente importantes.

E, dentro deste marco, o uso dos móbiles ten un protagonismo significativo. Vostede díxoo e díxoo ben: Galicia foi pioneira hai practicamente once anos na regulación do uso dos dispositivos móbiles no sistema educativo, limitando o seu uso nas aulas —salvo para cuestións pedagóxicas e dentro do control do profesorado, cunha perspectiva didáctica— e posibilitando que os centros no exterior, de xeito voluntario, puidesen tamén limitalo e prohibilo: aproximadamente o setenta por cento hai poucos meses.

A verdade é que detectamos que esta limitación era positiva para reducir os conflitos e para reducir as cuestións vencelladas ao mal uso; e hai tamén uns meses decidimos estender a limitación ao conxunto do espazo educativo e dos horarios educativos, e aprobar un protocolo que, dalgún xeito, despois de falalo coa comunidade educativa, regulaba a limitación dos dispositivos móbiles nos centros educativos. A verdade é que a medida tivo moi boa aco-



llida no conxunto da comunidade educativa. Basta con ver as declaracións de familias e de profesores nos medios de comunicación, nas cales se fala dun maior contacto entre os alumnos, nas cales se fala de recuperar os xogos motrices e nas cales se fala dunha maior interacción entre o propio alumnado. E todo iso —creo— foi moi positivo e posibilita que os centros educativos estean libres de móbiles, haxa unha maior convivencia e, por conseguinte, un menor risco do mal uso dunha tecnoloxía, que é tremendamente positiva pero que debemos regulala.

Hai tamén moi pouco tempo, os servizos de inspección de Vigo fixeron unha enquisa, na cal se falaba dunha espectacular redución do ciberacoso tras esta medida. Quero destacar que, tamén neste caso, Galicia foi pioneira e, posteriormente, foi copiada polo Ministerio de Educación, no ámbito da limitación dos usos... *(O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.)* (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois.

Grazas.

Réplica do señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, conselleiro.

Efectivamente, podíamos ver estes días nos medios de comunicación algúns avances sobre esa macroenquisa, con ese número de persoas que responderon —162.000— e, sobre todo, con eses máis de corenta e tres millóns de datos que se poden manexar.

Hai claramente un debate sobre o uso da tecnoloxía por razóns meramente educativas —como ben defende a Consellería, e ten toda a razón—, tamén por razóns médicas —hai nenos que necesitan ter o soporte da telemedicina no centro— e, sobre todo, por razóns de desenvolvemento tecnolóxico e desas competencias dixitais que todos queremos que os nosos nenos teñan neste momento e cando medren. Tamén é certo que hai un debate máis alá do ámbito educativo, sobre todo, no ámbito social. Líamos tamén hoxe que o cincuenta por cento dos nenos de quinto e de sexto de primaria xa teñen un móbil propio.

Polo tanto —insisto—, dentro dese debate, gustaríame saber que datos manexan vostedes sobre este debate e que opinión ten a Xunta de Galicia sobre o mesmo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor deputado.



Certamente, estamos ante un debate social sobre o uso ou o mal uso das ferramentas tecnolóxicas, neste caso, tamén do que poden ser os móbiles ou do que poden ser as tabletas.

É obvio que é un debate social moi interesante, do cal temos moito que aprender, no cal debemos estar todos concienciados e non descargar —nin moito menos, isto sería un grande erro— toda a responsabilidade no sistema educativo. E creo que a tecnoloxía non se pode separar do sistema educativo, nin moito menos. Non se pode ter un sistema educativo moderno e que prepare os nosos xoves para o futuro, se non hai unha inserción constante —regulada, pero constante— das tecnoloxías dentro do proceso de aprendizaxe. A tecnoloxía ábrenos enormes oportunidades, dános moitos recursos, posibilitáanos —nun ámbito de igualdade de oportunidades de equidade social— facer unha divulgación das competencias dixitais dun xeito absolutamente democrático. E o noso deber, como administracións, é favorecer a adquisición de competencias dixitais por parte dos alumnos.

Os teléfonos pódense utilizar nas aulas, por suposto, pero sempre dentro dun control do profesorado e utilizándoo como unha ferramenta pedagóxica. O teléfono tamén ten unha vantaxe educativa: dille ao alumno que non só é un aparato para xogar, senón que podemos ter información tremendamente útil. E respecto do uso dos móbiles por parte da xuventude, é obvio que excede absolutamente o ámbito educativo; de feito, no ámbito educativo hai unha limitación do seu uso para que sexan espazos libres de móbiles.

E hai datos tremendamente interesantes que nos deben levar a unha reflexión xeral como sociedade —diciáo vostede e diciámolo nós, onte, no Consello Galego de Convivencia—; uns datos que a min me deixaron impactado: máis do 50 por cento dos nenos e das nenas de quinto e de sexto de primaria —coa idade que teñen estes nenos e estas nenas— dispón xa dun móbil propio; se imos ás ensinanzas obrigatorias, xa falamos dun 78 por cento, e ás postobrigatorias, falamos practicamente dun cen por cento; practicamente todos, un 80 por cento e un 90 por cento, nas ensinanzas obrigatorias e postobrigatorias, se conectan a Internet; un 30 por cento das familias di que non ten ningún tipo de control sobre as redes ás cales os seus fillos acceden ou nos falan de que, aproximadamente, tamén o 83 por cento dos alumnos que están en ensinanzas obrigatorias ten redes sociais. Todo isto témolo que abordar colectivamente para reducir os riscos que poden estar asociados a un mal uso.

En definitiva, convivencia, si; tecnoloxía, si; bo uso das ferramentas tecnolóxicas, si; abuso ou mal uso das mesmas, non. E nós o que temos que facer é facilitar que, dende a perspectiva educativa, se poida cumprir... *(O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de don Julio Abalde, do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D^a Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios que fundamentan a anunciada reforma do modelo de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) en Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira, ten a palabra.



O señor ABALDE ALONSO: Bos días de novo, conselleiro.

Ben, esta pregunta ten como obxectivo coñecer os proxectos que ten a Xunta de Galicia de cara á posta en marcha da nova ABAU, sobre todo, despois dunhas declaracións que fixo a Consellería de que ían establecer criterios diferentes aos que están no decreto.

As ABAU son unhas probas que se realizan cunhas competencias compartidas entre o Ministerio, que ten as competencias fundamentais de establecer o marco estable único para todo o Estado español; de establecer incluso as estruturas, as características básicas das distintas probas e incluso de establecer un período —digamos— que cada comunidade autónoma pode elixir para facer esas probas. As comunidades autónomas teñen un papel moi importante, dentro da súa autonomía, para establecer os currículos da formación secundaria, para establecer tamén —digamos— as datas en que se realizan as probas e para organizar estas probas; e as universidades tamén teñen un papel fundamental porque son as que, en colaboración co profesorado de Bacharelato, elaboran os contidos das probas, avalíanas e, polo tanto, establecen tamén os criterios polos cales se van corrixir ou avaliar esas probas. Polo tanto —creo—, ademais, aquí, en Galicia, temos unha ampla experiencia de traballo a través da Comisión Interuniversitaria, que é a responsable de facer esas probas, e na cal —repito— traballan conxuntamente as universidades, a Consellería e o profesorado de secundaria.

E, polo tanto, o que queremos saber con esta pregunta é se a Consellería establecerá ou pensou en establecer criterios ou coordinacións por fóra das cales xa están establecidas ata este momento. Hai que ter en conta que este martes —ou sexa, onte— se aprobou o Real decreto que establece os criterios e os marcos para esta proba, e as familias están desexando saber como van ser os criterios e a avaliación porque, no ano 2025, a próxima selectividade vaise ter que realizar con base a este novo decreto e a esta nova ordenación.

Polo tanto, o que queremos saber é cales son os criterios que está intentando acordar a Consellería co sistema educativo galego, nomeadamente coas universidades, e como vai facer o Goberno galego este cambio, é dicir, a nova posta en marcha da nova estrutura da ABAU, de cara ao ano 2025.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

É coñecido que a Xunta, dende hai xa moito tempo, vén demandando unha selectividade, unha ABAU ou unha PAU —como lle queiran chamar— que sexa común; que sexa homologable ao conxunto dos alumnos de España; que sexa xusta; que posibilite a igualdade para as persoas; que posibilite unha igualdade de oportunidades; e que non segregue economicamente aqueles alumnos que queren acceder ás carreiras máis demandadas.



Todos sabemos que o sistema universitario español ten unha única porta de entrada, funciona como un distrito único, pero ten dezasete camiños diferentes, é dicir, os diferentes exames de cada comunidade autónoma; e todos sabemos, polas evidencias, que se xeraron que se xeran desigualdades entre os alumnos, que prexudican claramente, neste caso concreto, os alumnos galegos.

Ante esta lóxica —creo— absolutamente evidente—, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego manifestáronse en múltiples ocasións contrarios a lograr unha proba común homologable. A única explicación que se pode atopar é que esta iniciativa parta do Partido Popular porque, neste caso, o Ministerio do Partido Socialista sempre foi reaccionario a esta iniciativa, Certo é que, pola presión das comunidades educativas e pola presión das evidencias, ao final se meteu a desenvolver un cambio no sistema de acceso. E a verdade é que non puido ser máis frustrante: constantes autoemendas, contradicións, improvisacións, falta de diálogo coas comunidades autónomas, coas universidades e coa comunidade educativa... E a verdade é que non podemos entender cal é a razón desta situación.

E, ante esta situación, ¿que fixo o Partido Popular? Pois o Partido Popular e as comunidades autónomas do Partido Popular fixemos e estamos a facer o que non fixo nin fai o Ministerio. Demostrando que é posible coordinar, dentro dos marcos legais, as comunidades autónomas —neste caso trece comunidades autónomas— cuns criterios básicos dentro dos marcos competenciais e dentro dos marcos de coordinación coas universidades que poidan posibilitar coherencia e que poidan posibilitar un sistema máis xusto e máis igualitario.

O Ministerio, ante o anuncio deste traballo e de que se ía presentar, tivo unha reacción. E a reacción foi que onte, coincidindo coa publicación tamén da Lei de amnistía —non sei se é casualidade ou non, ou se unhas cousas se querían tapar coas outras, ou que hai certa vergoña de ambos documentos—, anunciouse que se ía publicar. Unha vez máis, e unha vez que se anunciou por parte do Partido Popular, houbo esta reacción de publicar —e dígoo claramente— a traizón este real decreto. Digo «a traizón» porque non se lle comunicou a ninguén; nin ás comunidades autónomas, nin aos grupos de traballo nin á Conferencia Sectorial, que somos o órgano competente, onde estamos representadas as comunidades autónomas.

O PSOE está absolutamente perdido...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...nesta materia... *(O señor Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois. Grazas, grazas.

Réplica do señor Abalde.



O señor ABALDE ALONSO: Señor conselleiro, vostede, igual ca min, sabemos que é imposible facer un exame único de selectividade para toda España, sencillamente imposible. Entre outras cousas, porque parece increíble que, desde unha comunidade autónoma que ten unha lingua propia e unha cultura propia —e, polo tanto, ten uns contidos dos que se van examinar os alumnos diferentes ao resto do Estado—, se defenda esa proposta.

Outra cousa é que se trate de harmonizar os resultados e se trate de non prexudicar os distintos niveis de avaliación. Para iso, desde CRUE están traballando as universidades en buscar sistemas que permitan harmonizar os resultados. Pero, de verdade, que unha comunidade autónoma como Galicia renuncie ás súas capacidades competenciais para establecer unha proba —como está sendo aquí— xusta, unha proba equilibrada e, sobre todo, que se anuncie nun mitin por parte do presidente do Partido Popular paréceme que é unha deixación de funcións e de competencias por parte da Xunta de Galicia.

Polo tanto, creo impropio que a Administración educativa de Galicia renuncie ás súas competencias. Porque, ¿como imos facer a proba? ¿Como se vai xestionar esa proba? ¿Como van introducir conceptos como pode ser o da lingua, como pode ser o da cultura galega, a literatura galega ou a contorna? Porque se pide que, precisamente, as probas de selectividade se baseen fundamentalmente en exemplos da contorna do estudante. ¿Como se vai introducir iso? ¿Como o van facer? ¿Como se vai xestionar unha proba única? Por certo, como non sexa tipo test como é o MIR —que é imposible, porque a norma establece que como moito o cincuenta por cento poden ser preguntas de tipo test—, ¿como se vai articular? Non é máis que unha posición política de defensa dunha decisión do Partido Popular. Paréceme que a comunidade educativa non merece que por parte da Xunta de Galicia e por parte da Consellería se adopten estas medidas. Desde logo, creo que ese modelo é imposible de levar á práctica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Ben, hoxe pola mañá coñecemos o Real decreto, e é un real decreto absolutamente cuestionable na forma e no fondo. Na forma, porque como xa dixen antes é a resposta ao anuncio do Partido Popular. Deixa en evidencia o Ministerio. Esta foi unha publicación feita a traizón, a traizón absolutamente. A miña pregunta é: ¿que se quixo ocultar? ¡Que casualidade que se presente o mesmo día que se publica a amnistía!

Pero a verdade é que estas preguntas, que podían ser retóricas, unha vez que se le o Real decreto —unha lectura rápida dende hoxe á mañá—, dámonos conta que se quixo ocultar o que se está facendo. E dígoo porque, despois de todo este camiño, imos seguir igual. Imos seguir igual e, ademais, cunha gran mentira. Onte escoitamos en comunicación unha serie de titulares, pero a realidade é absolutamente diferente. Onte vimos unhas palabras e uns titulares que non se corresponden para nada co que está aquí publicado. Para nada. Os titulares que venderon onte son falsos e enganosos.



Fálase de «criterios comúns». Por suposto que queremos criterios comúns para que haxa igualdade entre os alumnos e as alumnas que están neste exame. Pero non é certo. E digo que non é certo porque non hai cambios reais; non se introducen cambios reais respecto á situación actual. É todo maquillaxe. As cuestións transversais e clave seguen sendo as mesmas. Non hai no Real decreto criterios de corrección homologables. Non se aseguran uns criterios de corrección específicos equiparables entre comunidades autónomas. Citan as notas ou as faltas de ortografía, pero nin iso é posible. Non hai unha estrutura común. Non introducen matrices de especificacións dos temarios da distintas materias; é dicir, non vinculan os currículos coas competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos de cara á materia.

O Ministerio renuncia claramente a dar indicacións en cada unha destas materias. E as palabras da ministra son as seguintes: «o novo modelo terá unha estrutura, características básicas e criterios de corrección mínimas comúns para todos os territorios». Un titular, pero non ten reflexo no texto. Hai que ler o artigo 11.2; é unha auténtica estafa e unha maquillaxe.

No fondo, o Goberno está atado de pés e mans. Non pode gobernar, está renunciando a gobernar e volve ao sistema pre pandémico case sen cambios. Despois de todo o que se fixo, de todas as reunións, de todo o que se falou, de todo o que se debateu, volvemos practicamente ao modelo pre pandémico. Para este camiño non facían falta estas alforxas.

Realmente é unha actitude absolutamente reaccionaria por parte do Ministerio, que só actúa cando sabe que outros están facendo o traballo que son incapaces de facer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. José Luis Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance das medidas executadas ao abeiro do Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025

O señor PRESIDENTE: Cando queira, ten a palabra.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.
Bos días, señorías.

Señora conselleira, o pasado mes de maio a Organización Mundial da Saúde e a Organización das Nacións Unidas promovían a celebración da Semana Mundial da Seguridade Viaria, precisamente entre o 16 e o 21 de maio, co obxectivo de seguir afondando en medidas que permitan reducir á metade as mortes e traumatismos causados por sinistros de circulación. Este luns pasado, o 10 de xuño, celebramos en todo o mundo o Día Mundial da Seguridade Viaria.

Tendo en conta que todo tipo de vehículos e peóns convivimos nun mesmo escenario, é necesario saber e aprender para poder movernos coa maior seguridade posible. Ademais, tamén é unha ocasión excelente para lembrar a quen, por desgraza, sufriu un accidente.



As lesións causadas polo tráfico constitúen unha das principais causas de discapacidade e morte en todo o mundo. Por todo isto, concordamos en que a nosa mobilidade debe ser segura e sostible. Neste dobre obxectivo está comprometida a Xunta, que dispón dun plan específico vixente: o Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025, no que se propón analizar a totalidade das infraestruturas de transporte e adoptar medidas para garantir a seguridade das estradas, a dos vehículos e a dos condutores, ademais de melloras na atención de urxencias.

Galicia é un referente en seguridade viaria no ámbito nacional. É esta unha cuestión prioritaria para a súa Consellería, tal e como reflicte a aprobación de medidas e programas orientados a reducir as vítimas nas estradas. Se outras administracións dedicasen a mesma atención e o mesmo esforzo orzamentario que a Xunta ao mantemento e conservación das estradas da súa competencia, non estaríamos ante situacións tan desastrosas como a que todos coñecemos, como a da A-6 ou a do resto de estradas nacionais, que tanto prexuízo están a causar aos intereses de todos os galegos.

E todo isto nun contexto no que Galicia é unha das comunidades autónomas con maior ratio de quilómetros de estrada por superficie e por habitante, moi por riba da media nacional. E tamén lle podemos engadir a nosa problemática orografía e a dispersión dos núcleos de poboación.

Señora conselleira, aínda que o plan non remata ata o vindeiro ano e teremos que agardar un tempo para facer balance da eficacia da súa estratexia, de seguro que xa podemos ver algúns froitos deste traballo, cando xa superamos o ecuador desta folla de ruta. E por iso lle pregunto: ¿que avances se produciron neste período de execución do Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Señor presidente, señor deputado, señorías.

Efectivamente, tal e como expuxo vostede temos en marcha o Plan de seguridade viaria 2022-2025, unha folla de ruta que teño a satisfacción de dicir que situou a nosa Galicia como referente en seguridade viaria no ámbito nacional.

Estamos a traballar na redución ao mínimo posible das vítimas de accidentes de tráfico nas nosas estradas galegas co obxectivo final de cero vítimas no ano 2050, o que denominamos «visión cero». Efectivamente, é un obxectivo complexo se temos en conta a nosa dispersión xeográfica e a nosa orografía; e tamén o feito de que só en estradas autonómicas sexan máis de cinco mil cincocentos os quilómetros de vías autonómicas que temos.

O Plan, que aprobamos en abril de 2022, abarca todos os aspectos aos que afecta a seguridade viaria; implica varios departamentos da Xunta de Galicia e colaboran axentes sociais e forzas



e corpos de seguridade do Estado. Despregamos así unha importante estratexia que se traduce, por exemplo, no desenvolvemento dunha primeira liña de eliminación dos TCA —tramos de concentración de accidentes— na que levamos mobilizados xa 14,4 millóns de euros, permitindo reducir en case cincuenta quilómetros os puntos negros e a sinistralidade nun sesenta por cento deses cincuenta quilómetros.

Reformamos polo de agora 119 interseccións viarias, incluíndo 24 novas glorietas e mellorando 138 pasos de peóns. E vimos de aprobar unha nova estratexia de TCA, actuacións que tamén complementaremos coa eliminación de obstáculos nas marxes viarias para conformar o que denominamos «estradas que perdoan», que contará con financiamento da Xunta de Galicia e tamén con financiamento europeo e que sumará os 23 millóns de euros. Somos, de feito, a única comunidade autónoma en conseguir fondos Feder que financien este tipo de actuacións.

A resultas desta estratexia, tamén temos o Plan de reforzo de firme de carácter anual, ao que consignamos unha media de 20 millóns de euros. Para este ano, de feito, son 23 millóns de euros, aos que temos que sumar os 5 millóns de euros da AG-53. Estamos a converter a nosa rede autonómica galega nun referente estatal na conservación viaria. Temos tamén o Plan de conservación ordinaria e o Plan de viabilidade invernal. En conxunto, señoría, este Goberno galego está a dedicar un orzamento anual de máis de cincuenta millóns de euros na conservación integral das nosas estradas. Ademais, tamén damos prioridade á mellora da seguridade e a accesibilidade de máis dun milleiro de paradas de autobús nas estradas autonómicas, cun investimento de 35 millóns de euros. E tamén actuacións para a seguridade viaria nos camiños de Santiago, cun investimento de 19,39 millóns de euros.

En definitiva, señoría, a seguridade viaria é unha cuestión prioritaria para nós, porque estamos a falar da integridade da vida das persoas e non hai, nin pode haber, nada por riba diso.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica do señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, señora conselleira, os meus parabéns por todo ese traballo da súa Consellería que foi debullando na súa intervención; sobre todo o relacionado co desenvolvemento da estratexia de redución de tramos de concentración de accidentes. Só así seguiremos avanzando nunha mobilidade máis funcional, máis segura e moito máis sostible.

Como recordaba vostede, a conservación, mellora e mantemento das estradas é un elemento crucial para a mellora da seguridade viaria. Pero os actores implicados na circulación son tamén os vehículos e o seu mantemento, as condicións meteorolóxicas e, sobre todo, os condutores. Os condutores, cos nosos problemas, coas nosas fatigas, coas nosas distraccións e, moitas veces, coas nosas negligencias.



Está claro que podemos e debemos ter boas estradas, pero desgraciadamente o condutor, o factor humano, é o principal protagonista en máis do oitenta por cento dos sinistros de tráfico. A nosa sociedade, e polo tanto a nosa poboación, cada día está concienciada en moitos eidos da sociedade. Poño, por exemplo, e esperando non ser malinterpretado, a implicación na recollida do lixo, a preocupación polo cambio climático, a violencia de xénero, a igualdade, a accesibilidade, as guerras, os suicidios, o tabaquismo e moitas cousas máis.

¿Está a súa Consellería a traballar para concienciar a poboación tamén da problemática dos accidentes de tráfico?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Señor deputado, o Plan de seguridade viaria de Galicia vixente non é, efectivamente, o primeiro que desenvolvemos. Levamos anos traballando arreo coas directrices do Plan mundial para o decenio 2011-2020, que cifraba como obxectivo un descenso nun cincuenta por cento nas vítimas mortais nas estradas; un obxectivo que cumprimos xa co noso anterior Plan de seguridade viaria 2016-2020.

A cifra de falecidos o ano pasado volve descender en dous puntos, pero somos conscientes de que estamos a vivir un período de estancamento no descenso do número de falecidos nas nosas estradas; situación común desgraciadamente ao resto de España e de Europa. E iso débese fundamentalmente ao incremento das condutas indebidas por parte dos condutores: distraccións, velocidade, uso do teléfono móbil..., e tamén son preocupantes os grupos de aviso de controis que aumentan esa sensación de impunidade.

Por iso, efectivamente, temos posto en marcha de xeito cíclico campañas de concienciación e sensibilización orientadas tanto á poboación en xeral como a colectivos especialmente sensibles: escolares, ciclistas, motoristas, peóns, implicando tamén por suposto a Garda Civil e a Dirección Xeral de Tráfico, e complementamos con campañas educativas entre os máis novos.

Ademais, temos en marcha un Plan de mobilidade ciclista para activar e fomentar o uso da bicicleta como un modo de transporte cotián e saudable, e facilitamos infraestruturas axeitadas para este uso da bicicleta.

Temos tamén o noso Plan de sendas de Galicia. Creamos itinerarios peonís e ciclistas seguros e sostibles integrados na paisaxe, que incrementan a seguridade dos nosos usuarios. De feito, levamos postos en marcha para a veciñanza máis de trescentos quilómetros de sendas peonís, programa que seguiremos ampliando nesta lexislatura coa construción de cando menos de cento cincuenta sendas peonís e ciclistas novas.



Estamos tamén a executar traballos de conservación e roza nas marxes das nosas estradas, como medida eficaz para evitar a entrada dos animais ao tempo que se mellora a visibilidade do condutor. Nos últimos anos mobilizamos preto de dez millóns de euros nestas actuacións de roza, e para este bienio 2023-2024 temos consignados tres millóns de euros. Ademais, acabamos de iniciar un camiño para lograr as denominadas «estradas intelixentes», dixitalizando a documentación e implementando os sistemas que ofrecen información ou indicación útiles aos condutores, como incidencias, actuacións que estean en execución, identificación de puntos con maior probabilidade de interrupción de fauna salvaxe.

En resumo, na Xunta vimos facendo un esforzo extraordinario para reducir as vítimas nas estradas. Temos cada día estradas máis seguras. Tamén é certo que temos vehículos máis seguros e estamos executando actuacións específicas para os peóns, como sendas ou as melloras das paradas de autobús. Pero precisamos, e quero facer un chamamento especial neste sentido, que os usuarios das nosas estradas sexan máis responsables nas súas condutas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pide máis responsabilidade en definitiva.

Pregunta de don Iago Suárez, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Pregunta de D. Iago Suárez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o prazo para executar a reforma integral da estrada LU-651 entre Quiroga e Folgoso do Courel

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra Iago Suárez.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidente.

Sinto romper este positivismo por parte do Partido Popular. Xusto acábbase de falar de seguridade viaria, pois eu vou incidir aquí nesta cuestión. Imos falar do Courel, unha zona tremendamente castigada demograficamente e que sofre unha falta de servizos brutal. E imos falar en concreto da estrada LU-651, de titularidade da Xunta de Galiza. É unha estrada que en 2022 se derrubou no seu quilómetro 18, o que provocou un enorme prexuízo á poboación do Courel. Por sorte, naquel momento non circulaba ningún vehículo pola vía, polo que non houbo que lamentar danos persoais. O que si houbo que lamentar foi enormes danos materiais e un prexuízo —como dicía— brutal para a poboación da serra do Courel, que quedou practicamente incomunicada.

A Xunta de Galiza, ante a proximidade de procesos electorais naquela altura, acometeu arranxos non-integrais, apresurouse a facer un parcheamento en lugar dun estudo serio acerca de por que caeu esta estrada. O resultado: nas pasadas semanas vólvense encontrar danos estruturais na vía, de tal maneira que se ten que suspender de novo o tráfico por ela.

Novamente, a poboación do Courel sufrindo falta de servizos e incomunicada. Poboación que xa sofre —como dicía— neste caso unha falta de servizos brutal coa falta de médicos. Xa se



están organizando diferentes asociacións tanto en Seoane do Courel como en Folgoso do Courel, os dous núcleos principais da poboación, de veciñanza que está farta de ter que vivir peor que a poboación doutras zonas do país por unha falta alarmante de servizos.

Ante o corte no tráfico na LU-651, a Xunta habilitou un trazado alternativo tremendamente perigoso e mesmo se pode dicir que intransitable, tan intransitable de feito que se tivo que suspender o transporte escolar. As crianzas do Courel non poden ir ao colexio. Solución da Xunta —isto é real e contrastada coas familias—: ou que sexan as nais e pais os que leven os rapaces ao colexio ou que directamente, como queda pouco curso, que non vaian. Esa foi a resposta que lles deu a Xunta de Galiza ás crianzas do Courel. O tema é esperpéntico. Dende o BNG consideramos a situación inaudita e indignante, unha deixadez de funcións total por parte do Goberno galego.

A xente do Courel está moi farta, cunha falta de servizos brutal, e non pode nin sequera transitar de xeito seguro polas súas estradas, estradas que xa caeron, nas que se cometen arranxos e parches parciais. Volve haber fallos estruturais na estrada e a xente está moi farta.

Por iso, señora conselleira, a pregunta é moi sinxela e espero que haxa unha resposta clara: ¿cando pretende arranxar de modo íntegro e real a estrada LU-651 a Xunta de Galiza, tendo en conta os problemas de seguridade viaria que presenta actualmente?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Señor presidente.

Señor deputado.

Señoría, o que resulta inaudito e indignante non é a situación da estrada LU-651, senón as súas afirmacións totalmente falsas sobre as actuacións levadas adiante por parte da Xunta de Galicia nesta estrada lucense.

Permítame aclararlle, en primeiro lugar, que na súa pregunta mestura cuestións totalmente diferentes, e non sei se o fai por descoñecemento, espero que si, ou coa intención de mentir e confundir a cidadanía.

Voulle desmontar punto por punto as súas acusacións.

Fala vostede de que ante a proximidade de procesos electorais a Xunta apresurouse a acometer arranxos non-integrais, que non valoramos posibilidades de trazados viables, que habilitamos un trazado alternativo perigoso que levou a suspender o transporte escolar por este trazado. Señoría, ¿vostede pisou realmente esta estrada? Porque non o parece.



O colapso da mina e a obra que puntualmente pode afectar o transporte escolar producíronse en dous puntos distintos que distan entre si de dez quilómetros de distancia. Voullo aclarar: por un lado, con motivo do afundimento da estrada provocada polo colapso da mina da Campa en 2022 puxemos en marcha e de xeito inmediato un desvío provisional inicialmente a través de dúas estradas provinciais, que logo rematamos, redactamos e executamos polo procedemento de urxencia un novo desvío a media ladeira que evitase a zona colapsada. Ao mesmo tempo, comezamos a traballar nun complexo proxecto para a restitución definitiva do treito afundido na estrada, por tratarse dun terreo que require un moi completo estudo xeotécnico e tratarse ademais dunha zona próxima á Rede Natura.

Para o proxecto estudamos ata cinco alternativas de trazado para valorar a máis adecuada, sendo a escollida polos técnicos a correspondente cunha variante de trazado a media ladeira, logo da restitución da ladeira colapsada, que sometemos a información pública en febreiro deste ano 2024, que conta cun investimento inicialmente previsto de 5,2 millóns de euros e que agora está en proceso de revisión das alegacións presentadas.

Ademais, infórmoo de que temos incoado o correspondente expediente administrativo para reclamar os danos aos responsables do colapso da mina.

En conclusión, por suposto que a Xunta se apresurou a dar unha solución rápida e axeitada; é o noso deber. Claro que se investigaron as causas da caída da estrada e si que se avaliaron as diferentes alternativas. O que lle pido polo menos ao seu partido é que fagan o esforzo de ler o proxecto sometido a información pública e documentarse antes de formular a súa pregunta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira

Réplica do señor Suárez.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidente.

Escusas e máis escusas. Tiramos do refraneiro: «uns por outros e a casa sen varrer». Pois claro que si volve estar a estrada nun estado deplorable e a xente segue sen poder pasar pola estrada. Eu, desde logo, o que non entendo é que veñan aquí limitarse a facer anuncios e falar de investimentos cando a realidade é completamente diferente.

Pregunta vostede se piso o territorio. Si, señora conselleira, claro que o piso, son do sur de Lugo e vou con bastante frecuencia ao Courel.

E por se acaso vostede non foi, claro que o trazado alternativo que propuxo a Xunta de Galicia é tremendamente perigoso. Eu teño aquí unha foto *(O señor Suárez Fernández amósalles aos membros da Cámara unha fotografía.)* para que as súas señorías saiban e vexan por onde tivo que pasar o transporte escolar durante varios días no Courel. Tivo que pasar por aquí, *(O señor Suárez Fernández concreta o centro da súa fotografía.)* unha zona tremendamente perigosa, e por aí pretendíase que pasase o transporte escolar, por aí pretendíase que pasasen as crian-



zas para ir ao colexio. ¿Esa é a solución que dá a Xunta de Galiza? Porque se esa é a solución que dá a Xunta de Galiza aviados imos.

O trazado alternativo non é só que fose perigoso, é que era practicamente intransitable. De feito, o condutor do transporte escolar chegou incluso a negarse a pasar por ese lugar para que non houbera danos persoais maiores.

A xente do Courel —repito— xa se está organizando nos seus dous núcleos principais, en Seoane do Courel e en Folgoso do Courel. A situación é moi lamentable porque hai unha falta de servizos brutal, e que non poidan transitar nin polas súas propias estradas xa é unha situación —repito—esperpéntica.

A pregunta era moi clara: ¿cando teñen pensado arranxala? Está claro que teremos que volverlla formular: ¿cando —unha data concreta— poderá a xente do Courel circular de novo pola estrada LU-651?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Señor presidente.

Señor deputado, aclárolle en primeiro lugar a cuestión do transporte escolar. Porque aínda que non o indica na súa pregunta estamos a acometer a mellora integral da estrada LU-651 no tramo de doce quilómetros entre a saída de Folgoso e Seoane do Courel, cun investimento de 9,6 millóns de euros; a primeira fase entre Ferrería Vella e Seoane, cun investimento de 3,4 millóns de euros. Estamos a executala agora mesmo baixo a premisa, iso si, de seguridade e minimizando ao máximo posible as afeccións aos seus usuarios, o que inclúe por suposto o transporte escolar. De feito, salvo un corte programado o 19 de abril e tres días de maio en que se tivo que interromper o tráfico como consecuencia dun desprendemento de terras, o transporte escolar mantivo o seu percorrido habitual sen alteracións nin en horario nin en ruta durante os dous últimos cursos escolares. Este esforzo tivo como consecuencia a ralentización das obras, pero que nos permitiu manter o servizo que transcorre por un treito de obra sinalado e regulación semaforicamente en réxime de paso alternativo.

En todo o tempo que dura a obra só catro días e medio o transporte escolar tivo que desviarse da estrada, e tres deles foron consecuencia do desprendemento.

Obras como esta nun terreo moi complexo e con poucas alternativas para o tráfico provocan molestias, claro que si, e por suposto as nosas desculpas por estas molestias. Pero ¿cal é a alternativa?, ¿non facer nada? Non pode ser esa alternativa. Teña claro que o resultado pagará a pena.



De feito, a partir do remate das clases deste curso escolar imos executar os traballos de maiores afeccións que requirirán o corte total da estrada co obxectivo de poder restablecer de novo o tráfico cando comece o curso escolar. Despois aínda teremos que executar traballos de pavimentación e de pintado, pero que son compatibles co tráfico. Polo que calculamos que a obra vai estar rematada neste outono.

Ademais, e de xeito paralelo, avanzamos na redacción do proxecto da segunda fase, de Folgoso ata a travesía que atravesa o núcleo de Ferrería, cun investimento de máis de seis millóns de euros.

Señoría, si, un dos grandes obxectivos desta consellería é vertebrar o territorio, pero tamén mellorar a accesibilidade do rural. Por iso, estamos ampliando o ancho desta estrada LU-651, estamos executando cunetas de seguridade, renovando e mellorando a rede de drenaxe, os sistemas de contención e o firme. Pero non está sendo efectivamente unha execución doada polas características do terreo, que obrigaron a proxeccións arqueolóxicas con derrubamentos e con condicións meteorolóxicas que pouco axudaron. Pero isto xa está superado, porque este Goberno planifica e aborda de xeito serio e responsable esas necesidades en materia de infraestruturas.

Señorías, estamos a vertebrar todo o territorio galego, con investimentos e actuacións seguras e eficientes, e seguiremos a traballar para manter as nosas vías en perfectas condicións e reforzar a seguridade dos usuarios.

Agardo poder terlle explicado a súa pregunta e darlle a resposta oportuna. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Debátense agora de xeito acumulado dúas preguntas. Unha é da señora Presas Bergantiños, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e a outra é de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas para acelerar as obras que están en marcha nas instalacións da área de partos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e garantir plenamente todos os servizos desta unidade

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o prazo para o remate das obras de mellora no Hospital Materno-Infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

O señor PRESIDENTE: Formula, en primeiro lugar, a pregunta a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor conselleiro, voulle ler unha cousa: «Chegas e ves que as paredes están sucias e con desperfectos, basura, contedores e sacos de roupa sucia



acumulados; o mesmo corredor fai de sala de espera para pacientes e acompañantes de urxencias, para os que esperan un ingreso, para acceder ao paritorio e para cirúrxicos. A causa do derrumbe do teito do paritorio en decembro de 2023, teñen pechadas dúas salas de dilatación, unha delas a de parto natural, a única que dispón de baño propio, bañeira, ventá e berce neonatal. Polo tanto, hai tres salas de dilatación e unha de monitores cun único baño a compartir. Xa houbo dúas mulleres na mesma sala dilatando xuntas. Eu tiven que parir na de monitores, e aínda arrimaron a miña cama —que era de planta, non de paritorio e adaptada— a un lado por se tiña que vir algunha muller máis». Este é o testemuño de Vanesa, que pariu no Hospital de Ourense en marzo deste ano, nunhas instalacións sen privacidade, sen seguridade e sen hixiene. Iso é degradación dos servizos públicos e é tamén violencia obstétrica. (*Aplausos.*)

A presión social, a presión das e dos traballadores deste hospital e traer esta pregunta hoxe fixo que se puxeran as pilas. Creo —cónstame— que hoxe trae un anuncio, señor conselleiro. Pero iso non exime da responsabilidade como Goberno galego de levar seis meses vulnerando dereitos das mulleres de Ourense e tampouco o exime da responsabilidade de que acabar esta obra por fin, seis meses despois, non pon punto final a todas as deficiencias, que son moitas, que ten a área materno-infantil de Ourense.

Por iso hoxe nesta pregunta pídolle, sobre todo, que escoite, que escoite as queixas das usuarias, que lea as reclamacións que ten por escrito, que escoite a comisión de centro, que escoite a Asociación Galega de Matronas por exemplo, asociacións tamén de apoio á maternidade como Arrollos de Teta ou O Parto é Noso, e que comprenda, que teña un pouco de sensibilidade, porque calquera muller que paira en Ourense, que aborte en Ourense exercitando os seus dereitos ou que sexa vítima dunha agresión sexual e teña que ser atendida nas instalacións do Materno merece dereitos, merece dignidade e non un edificio que cae a cachos e no que se vén cascudas ou ratas, os mesmos dereitos que calquera muller en calquera outra parte do noso país.

Polo tanto, hoxe, señor conselleiro, queremos arrancarlle compromisos de futuro, e preguntolle, polo tanto: ¿que vai facer para deixarse de atrasos constantes co Hospital de Ourense, de anuncios incumpridos, e para facer que por fin teñamos un Materno-Infantil que sexa do século XXI e non de hai tres séculos? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Formula agora a pregunta a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días, conselleiro.

Este grupo parlamentario leva alertando dende o inicio da actual lexislatura da situación límite na que se atopa a Área Sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras. Queremos hoxe tratar da realidade concreta do Hospital Materno-Infantil, verdadeiramente indignante e que está xerando crecente preocupación.



Do panorama actual deron conta as traballadoras e os traballadores á dirección do complexo hospitalario, sen que vostedes deran solucións a esta gravísima situación, que vou intentar resumir, e non é fácil.

As condicións actuais de grave deterioración son inaceptables. Non reúne, conselleiro, as condicións mínimas para unha atención digna de calidade, que protexa a intimidade das mulleres e que achegue seguridade ás pacientes e ás profesionais.

Mostra diso é que o 30 de decembro do 2023 nunha zona de traballo do paritorio onde había pacientes o teito sufriu un derrumbe; por sorte, non houbo que lamentar danos persoais. A dirección do centro era coñecedora da lamentable situación do teito, xa que fora notificada previamente por parte do persoal. E o que é máis grave: tardaron mes e medio en clausurar este paritorio.

E seguimos, referente ao corredor de acceso a urxencias e partos. As condicións son lamentables: lixo, colectores, sacos de roupa sucia, que favorecen unhas condicións totalmente insalubres, mesmo coa aparición de ratas e cascudas. Ese mesmo corredor é unha sala de espera para pacientes que acoden a urxencias, para pacientes en espera de cama para ingreso, para familiares etcétera. Isto non pode ser así.

Respecto ao paritorio, o inicio das obras supuxo o peche de dúas salas de dilatación e clausura da sala de monitorización ambulatoria.

A falta de espazos físicos compromete, conselleiro, seriamente a seguridade e a privacidade das pacientes que están a ser atendidas.

As salas de dilatación son insuficientes, téndose dado a situación de ter que atender a dúas mulleres xuntas na mesma sala, co risco que isto implica.

Non se dispón dunha sala de atención para os abortos espontáneos, etcétera, etcétera.

Na planta de obstetricia, máis do mesmo, parece ser que con chazas sucias, xanelas deterioradas.

A falta de privacidade e as altas temperaturas poden afectar, como sabe, negativamente a instauración da lactación, con todos os beneficios que isto pode supor para os nenos e nenas.

Entón, preguntámoslle: ¿que vai facer o Goberno? ¿Cando vai finalizar as obras de mellora do Hospital Materno-Infantil de Ourense? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Presidente do Parlamento, señoras deputadas, señorías.



Eu entendo que vostedes traten de centrar e enfocar o seu papel como grupos da oposición deste Parlamento en confrontar e sacar rédito político de todos os asuntos, pero deberan pensar vostedes que non o poden facer a custa de calquera cousa, porque non todo vale, e tratar de empregar de xeito demagóxico e partidista a sanidade pública coído que non é o mellor camiño.

Como é o noso deber, desde a Consellería de Sanidade traballamos día a día para mellorar. Tamén dou fe de que é polo que traballan todos os profesionais da sanidade pública galega, que cada día desenvolven o seu labor con empeño, dedicación e responsabilidade, co fin de ofrecer unha asistencia de calidade aos seus pacientes.

Pero o que non deberían facer vostedes é empregar a sanidade pública como arma partidista e política. Porque, señorías, o escenario nefasto e catastrófico da sanidade pública galega que vostedes pintan non responde á realidade. Fraco favor lle fan vostedes ao sistema de saúde público e aos profesionais sanitarios falando como falan del.

Sen ánimo de triunfalismos, eu convidoas a mirar cara a outras autonomías, a mirar a outros lugares de España, de Europa, do mundo, porque o certo é e o que non se pode negar é que a sanidade pública galega é unha das mellores do mundo (*Aplausos.*) e, como tal, coído que vostedes deberan defendela e non deostala e desacreditala.

Miren, señorías, esta mañá xa saíu a colación, pero incido: a sanidade pública galega é unha das mellores do mundo, e iso hai que repetilo. E isto podería dicilo eu como conselleiro de Sanidade, por suposto, e podería dicilo o presidente da Xunta, pero dáse a casualidade de que o dixo un destacado dirixente do BNG. Moitas grazas, por fin unha verdade. Coído que deberían vostedes tomar boa nota e saber recoñecer os méritos e a calidade da sanidade pública que temos.

En todo caso, e por entrar en materia en relación coas instalacións do Hospital Materno-Infantil de Ourense, o primeiro de todo quero, Ourense, agradecerlles ás pacientes e aos profesionais sanitarios a súa paciencia e a súa comprensión ante as molestias e os trastornos que lles poden ocasionar esas obras que estamos a realizar na zona de partos, polas que lles pedimos desculpas, pero son uns traballos necesarios.

Créanme que ninguén ten máis interese ca nós, a Consellería de Sanidade e a xerencia do hospital, en ofrecer a mellor resposta ás necesidades e en garantir unha atención de calidade ás pacientes.

Coñecemos a situación e traballamos para solucionar o antes posible as deficiencias detectadas na zona da unidade de partos, situada no primeiro andar. Como é sabido, a finais do mes de decembro produciuse o desprendemento dun falso teito no corredor de acceso á zona de paritorios e salas de dilatación. Evidentemente, desde o primeiro momento adoptáronse as medidas oportunas para garantir a seguridade de pacientes e traballadores, procedendo a pechar a zona de xeito preventivo para a súa reparación. Desde entón estase a traballar para devolver a normalidade coa maior brevidade a esa área asistencial, pero comprenderán, señorías, que iso debe facerse con totais garantías.



O primeiro que se fixo foron os labores de retirada de restos e de escombros, sinalizar a zona para impedir o paso aos locais e habilitar os circuitos necesarios para o mantemento da actividade, dentro das incomodidades e molestias que —somos conscientes— derivan de todas as obras, máis cando foi preciso acompañar o desenvolvemento deses traballos co mantemento da prestación do servizo asistencial. E iso é o que se veu facendo nos últimos meses na zona da unidade de partos, que foi preciso reparar, analizando ao tempo as posibles causas que derivaron neses desperfectos e que, segundo as análises técnicas, derivan dunha multicausalidade, como o paso do tempo ou a incidencia do trazado na instalación dos condutos de climatización.

Ademais dos traballos de reparación dos falsos teitos en si, foi preciso realizar outras actuacións para a instalación de gases medicinais, xunto coa reordenación dos circuitos asistenciais e a habilitación de novos espazos, para garantir a prestación asistencial en todo momento.

Comprenderán, señorías, que non é unha tarefa sinxela. En todo caso, conseguimos que durante o transcurso destas obras a actividade asistencial da área de partos discorrese con relativa normalidade no resto das salas e dos quirófanos da unidade, a pesar, como digo, das incomodidades e molestias propias que estas actuacións puideron ocasionar, tanto ás pacientes como ao persoal sanitario e non sanitario que as atende.

En todo caso, estanse a ultimar as actuacións en todos estes detalles que lles acabo de comentar. A previsión coa que traballamos é que neste mes de xuño estean rematados todos os traballos de reparación nesa zona da unidade de partos do Hospital Materno-Infantil de Ourense, restablecendo así o funcionamento normal desa unidade.

Esta mesma tarde comezarase a trasladar o equipamento e mobiliario cara a esa zona reparada, co obxectivo de que estea de novo en funcionamento a finais desta semana.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica da señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Voulle ler outra cousa, señor conselleiro: «A situación é insostible. O sistema de saúde está a vulnerar os dereitos das mulleres que dan a luz na capital ourensá.» Isto non o digo eu, isto dío a Asociación Galega de Matronas; non sei se elas tamén son demagóxicas e partidistas.

Mire, o que vimos aquí denunciar é o que di a propia comisión de centro, que son os traballadores e traballadoras, que vostede moito di defender aquí pero que despois dista moito o que hai alí no territorio. E tamén o que levan dito moitas nais que denunciaron a asociacións de apoio á maternidade, ou que reclamaron no propio Sergas polas condicións que viron no seu atendimento, non por parte das e dos profesionais, senón porque as instalacións non se adecuaban ás condicións.



E mire, todo o mundo pode entender que as obras son necesarias. É máis difícil de entender que nun hospital do século XXI se desprendan teitos e aquí ninguén asuma ningunha responsabilidade pola falta de mantemento e de fiscalización das instalacións. Pero non terá vostede a cara de dicir que ratas e cascudas, e fotos de lixo amoreado, que todos e todas, vostede tamén, puideron ver —vostede porque xa as tiña de antes o Sergas e a cidadanía nos medios de comunicación—, son externalidades negativas das obras. Porque mire, iso non é así. Iso é unha chapuza organizativa, como mínimo. *(Aplausos.)*

¿E sabe o que é verdadeiramente nefasto e catastrófico? Ter un goberno que, á hora de defender os dereitos sanitarios e das mulleres, só actúa cando hai presión social e mediática, como fixeron coa sala de pactos de Verín, *(Aplausos.)* exactamente.

¿E sabe vostede que teñen as mulleres nos seus ámbitos sanitarios doutros puntos de Galiza ou do Estado? Pois garantido o dereito a un parto natural e íntimo, sen ter que estar compartindo a sala de dilatación con outras mulleres. O que estamos dicindo aquí son dereitos sanitarios, que vostedes non velaron polo seu cumprimento. Polo tanto, menos desculpas, menos acusacións á oposición e máis facer o traballo que lle encomendaron os galegos e galegas, que é protexer o noso sistema sanitario. Desde logo, nós como forza da oposición estaremos aquí defendendo eses dereitos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

Réplica da señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas.

Conselleiro, non se escude e non utilice como parapeto os profesionais sanitarios, que o PSdeG reconece o seu labor titánico nestas condicións en Ourense.

E mire: ¿párecelle oportuno que as mulleres que sufriron unha agresión sexual, a maioría das veces acompañadas por axentes da autoridade, teñan que compartir espazo con pacientes en tránsito e de Urxencias? ¿Párecelle oportuno? ¿Párecelle que se garante a privacidade necesaria neses casos?

Dun xestor agárdase algo máis que desculpas, que nunca están de máis, pero que son a todas luces tardías e insuficientes, tendo en conta o tempo que levamos arrastrando as condicións que antes lle relataba.

¿Considera vostede que o xerente da nova área sanitaria, Santiago Camba, vai ser quen de mudar esta situación, conselleiro, cando foi removido de todos os cargos que ocupou?

Na data de hoxe aínda non se reuniu coa Comisión de Centros do Complexo Hospitalario dende que foi nomeado. Ten que dar resposta a todas estas situacións que se están producindo en Ourense porque esta é moi grave. Todos os profesionais, todos os facultativos, están manifestándose dende febreiro do ano pasado, semana a semana, na porta do edificio do hospital. E vostedes non se reúnen con eles, non os escoitan, acúsanos de mala xestión por



parte da xerencia, cunha falta de planificación total das necesidades de persoal, un desmantelamento. Temos unha grave problemática en Urxencias, en Oftalmoloxía, en Rehabilitación, en UCI, en Atención Primaria, listas de agarda na media de Galicia en setenta e tres días, cento trinta en Ourense.

Esta é a situación catastrófica da sanidade en Ourense e do Hospital Materno-Infantil. Espero que tome cartas no asunto de forma directa porque vai que ter un despacho alí, conselleiro, para arranxar esta situación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche destas preguntas, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Señorías, podo asegurarlles que unha das motivacións que me levaron a aceptar o cargo de conselleiro é o meu firme compromiso coa sanidade pública galega, que, pese a que vostedes parece que non queren recoñecelo, é de altísimo nivel. *(Aplausos.)*

Dito isto, estamos a ultimar as obras na zona da Unidade de Partos do Hospital Materno-Infantil de Ourense, necesarias para garantir a calidade asistencial e a comodidade das pacientes, que é a nosa prioridade. O obxectivo da Consellería de Sanidade e da Xerencia da Área Sanitaria de Ourense sempre foi rematar eses traballos de reparación e mellora no menor tempo posible. Pero, como ben comprenderán, a nosa prioridade é que eses traballos —que levan aparelladas outras actuacións complementarias que foi preciso realizar— conten con todas as garantías.

As reparacións que foron precisas acometer nesa zona da Unidade de Partos estendéronse un pouco máis alá do agardado, porque foi necesario acometer outra actuación adicional para a instalación de gases medicinais. Esas instalacións precisan duns estritos trámites legais de seguridade, de manipulación e de mantemento, que foi preciso cumprimentar de forma rigorosa —como ben poderán entender— para a súa posta en funcionamento.

Tamén a actuación de reparación dos falsos teitos levou implícita unha adaptación dos circuitos internos, que nestes momentos están sendo avaliados pola oficina técnica do Servizo de Mantemento e supervisados, como non podía ser doutro xeito, polo Servizo de Medicina Preventiva do hospital, para o control microbiolóxico dos espazos reformados.

Esta reordenación dos circuitos asistenciais e a habilitación e posta en marcha dos espazos hei de dicir que foi realizada de forma dialogada e en todo momento co persoal que traballa na unidade.

Señorías, non teñan a menor dúbida de que o interese da Xunta é o de ofrecer as mellores condicións de traballo para os profesionais sanitarios e de atención para as pacientes do Hospital Materno-Infantil de Ourense. E por iso, unha vez rematados neste mes de xuño os traballos en curso, e cando estea plenamente operativa esa área, desde o propio Servizo de Mantemento do hospital controlaranse coas actuacións periódicas programadas tanto na



Unidade de Partos como no resto desta acción do Hospital Materno-Infantil. Son labores de revisión e comprobación do estado das estruturas, que se realizan de xeito periódico, co obxectivo último de detallar desperfectos, previr posibles incidencias e garantir a mellor atención aos usuarios e aos traballadores.

Isto deixa claro o interese da Xunta e desta Consellería de Sanidade por mellorar o actual Hospital Materno-Infantil de Ourense, así como outras intervencións no complexo hospitalario. Queda acreditado coa obra que temos en marcha e na que estamos investindo máis de cincuenta e dous millóns de euros; un investimento en execución —insisto— para, primeiro, a construción dun novo edificio de hospitalización e ambulatorio de doce plantas, que se disporá entre o oeste do antigo Materno e o Hospital Cristal, e albergará as unidades que están na actualidade situadas no Hospital Materno-Infantil e dará resposta ás necesidades actuais de hospitalización; segundo, o investimento para a renovación integral do Materno-Infantil, e, terceiro, un investimento para a mellora dos accesos.

Sen esquecer, señorías, os máis de oito millóns de euros que estamos a investir nas obras de ampliación e renovación integral da UCI, para adaptar unha instalación de coidados críticos aos requirimentos xurdidos da pandemia covid. Xa finalizada a primeira fase, da que tiveron a oportunidade de falar neste Parlamento a finais de abril.

Polo tanto, señorías, na Xunta estamos facendo investimentos cuantiosos para mellorar a atención sanitaria hospitalaria da área de Ourense; non poden vostedes negalo. E por suposto, señorías, a solución definitiva para o Materno-Infantil virá dada da intervención xa programada e orzada para a súa reforma integral. Coido que o traballo e os investimentos da Xunta é xusto recoñecelos; o contrario é a política de non polo non, que vostedes parece que levan escrita no seu ADN.

En todo caso —insisto—, vontade absoluta da Xunta por achegar solucións e garantir a mellor atención sanitaria ás usuarias do Materno-Infantil. Neste mes de xuño quedarán rematadas as obras de reparación na zona de partos, e a finais desta semana agárdase que esa zona estea de novo en funcionamento.

E insisto tamén no noso agradecemento aos pacientes e traballadores pola súa paciencia e comprensión polas incomodidades que levan sufrindo nestes meses de obras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de dona Paloma Castro, do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e D. Carlos López Font, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a suficiencia da política de loita contra os residuos mariños que se está a desenvolver

O señor PRESIDENTE: Cando queira, ten a palabra.



A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día, conselleiro.

Hai uns días, co gallo do Día Mundial dos Océanos, o 8 de xuño, a organización mundial World Economic Forum publicou un informe no que alertaban da situación global dos océanos. Este informe facía unha previsión para o ano 2025 e dicía que neste ano por cada tres toneladas de peixe habería unha tonelada de plástico no mar. Pero tamén facía unha previsión para o ano 2050, e era moito máis desolador porque aquí indicaba que habería moito máis plástico que peixes nos nosos océanos.

Nós sabemos que isto é un problema global, pero aquí en Galicia aféctanos profundamente, porque temos 1.498 quilómetros de costa, porque o sector do mar constitúe o cinco por cento do noso produto interior bruto e xera o 3,2 por cento do emprego galego.

E conscientes disto e da situación na que nos atopamos, dende o Grupo Socialista levamos moito tempo traendo ao Parlamento iniciativas neste sentido. A última, unha proposición de lei, no ano 2021, que o Pleno do Parlamento de Galicia ademais aprobou por unanimidade. Esta proposición pedía catro cousas: a primeira, a creación dunha partida orzamentaria específica con fondos propios que complementa a participación en programas europeos e iniciativas privadas que existen na actualidade para continuar —dicía— implementando programas de recollida e recuperación de residuos, co fin de chegar a actuar en 2023 na totalidade das costas galegas. A segunda, era desenvolver campañas de información e sensibilización sobre o papel da cidadanía na loita contra a contaminación plástica e o lixo mariño. A terceira, elaborar un plan específico para a reciclaxe de todos os obxectos recollidos no mar, no que se incluía a recollida unificada de artes de pesca a bordo dos buques e tamén instalacións axeitadas nos portos. E a última era realizar unha avaliación anual das características e tipos de residuos recollidos, co fin de levar a cabo posteriormente unha análise e unha acción de prevención.

Transcorridos tres anos e o mesmo número de orzamentos, o Goberno da Xunta non cumpriu ningunha das catro peticións, e non implementou ningunha destas medidas, senón que continuou cos programas que viña implementando. A situación das nosas costas ademais quedou en evidencia coa crise dos *pellets* —non vou falar aquí porque non teño tempo da nefasta xestión pero todos a lembramos—, pero si que se evidenciou a cantidade de plásticos que existen nas nosas costas e nas nosas praias. A Xunta dicía nuns datos de recollida dunha semana de 2.476 quilos de *pellets* e 5.478 quilos doutros plásticos. Pero como todos sabemos que os plásticos non xorden no mar, senón na terra pero acaban no mar tamén, pois tamén fan falla políticas de prevención e reciclaxe que eviten isto.

Polo tanto, dende o Partido Socialista seguiremos reclamándolle que cumpra este acordo aprobado no ano 2021 e que implemente políticas globais e propias para a loita contra o lixo mariño a través de obxectivos cuantitativos e cualitativos que permitan mellorar a situación na que nos atopamos na actualidade. E por iso hoxe facemos esta pregunta. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Resposta do conselleiro do Mar, don Alfonso Villares Bermúdez.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez):

Moi bos días, señor presidente.

Señorías.

Señora Castro.

No Consello da Xunta do 22 de febreiro deste ano deuse conta por parte da Consellería do Mar do informe executivo das actividades que se desenvolveron no marco das convocatorias dos anos 2020, 2021, 2022 e 2023 de axudas a proxectos colectivos de recollida de lixo mariño en Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo de Pesca.

O sector marítimo-pesqueiro galego recolleu entre os anos 2020 e 2023 cerca de catrocentas vinte e cinco toneladas de lixo das costas galegas, ao abeiro de trinta e seis proxectos colectivos desenvolvidos no marco das convocatorias de axudas da Consellería do Mar. Estas accións involucraron ao redor de mil duascenas persoas e a cento corenta e cinco embarcacións de confrarías de pescadores repartidas por toda Galicia e supuxeron un investimento público de máis de 1,6 millóns de euros.

Da cantidade de lixo retirada hai que dicir que un 32 por cento correspóndese con vidro e cerámica; un 26 por cento con produtos naturais, como a madeira, pólas de árbores ou algas; máis dun 21 por cento con plástico, e despois, en menor medida, obxectos de goma, de metal, téxtiles e outros.

Dentro destas iniciativas desenvolvéronse cento sesenta e nove accións para mellorar a concienciación ambiental, a formación e tamén a colaboración entre os axentes implicados. Na súa execución participaron confrarías, organizacións de produtores pesqueiros e outras entidades asociativas do sector.

As iniciativas desenvolvidas ao abeiro das axudas da Consellería do Mar desde logo que son un exemplo do alto grao de implicación do sector na protección e recuperación da biodiversidade dos ecosistemas marítimos. Todas estas iniciativas enmárcanse no Plan Mar limpo, da Consellería do Mar, co que se pretende contribuír, por un lado, a un ambiente costeiro e mariño limpo, saudable, produtivo e bioloxicamente diverso; por outro lado, a unha redución da cantidade de residuos existentes nas zonas costeiras, e, por último, que o sector pesqueiro integre nas súas operativas boas prácticas que contribúan á protección do medio mariño e, polo tanto, á explotación sustentable dos seus recursos.

En definitiva, con todos estes datos aportados podemos dicir que estes apoios buscan facer fronte ao problema do lixo mariño e contribuír ao mesmo tempo a mellorar o estado dos recursos e a situación dos milleiros de galegos que viven do mar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica da señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, un informe do ano 2021, tamén do Parlamento Europeo, recomendaba aos países membros e ás rexións que o compoñen levar a cabo plans e marcos —dicía— á marxe dos proxectos de colaboración con proxectos europeos. E iso é o que nós pedimos, non colaboración con proxectos europeos ou con proxectos de entidades privadas, como pode ser Ecoembes, Inditex e outras moitas, ou proxectos da universidade; senón proxectos propios. Porque, se non, ao final, o que fan vostedes é o que se denomina *greenwashing*, o facer que fan, en galego. Vostedes din que fan o que realmente fan outros. A verdade, hoxe xa llelo dixo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia coa autorización da avaliación ambiental da mina de Penouta. Ao final pois seguen a facer que fan e tamén en relación cos informes sobre avaliación ambiental.

E en relación con isto dicía na miña primeira intervención que os plásticos chegan ao mar pero que xorden na terra, ¿non? E así a Lei de residuos ten moito que ver nisto. E vostedes apresuráronse a aprobar unha Lei de residuos antes que a lei estatal para limitar os obxectivos a cumprir e para non introducir na mesma os plásticos dun só uso, como lles pediamos dende o Grupo Socialista, porque é esencial regular os mesmos e é a maioría dos que aparecen e dos que rematan posteriormente no mar. Pero non quixeron, e nós entendemos que é de vital importancia estratexias propias e de carácter global para mitigar iso, o uso dos plásticos dun só uso, como poden ser as bolsas plásticas, ou despois a penalización do sobreenvasado etcétera, etcétera; emendas que plantexamos no seu día a esta lei e que o Partido Popular rexeitou.

E coordinación con outras políticas, por exemplo a política de xestión de residuos urbanos, a xestión das depuradoras, unha planificación a medio e longo prazo da estratexia das nosas rías. Onte estivo na miña ría, estivo no meu pobo, en Raxó, que é unha ría que necesita rehabilitarse, necesita rexenerarse, como a da Arousa, ou como outras moitas do noso territorio. E todo iso ao final está interconectado. Polo tanto, necesítase unha política de carácter transversal para actuar contra os residuos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CASTRO REY: ...e contra o lixo mariño. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Ben, señora Castro, por un lado, responderlle as preguntas que plantexaba vostede no día de hoxe.

Por un lado, á hora de crear esa partida orzamentaria, pois cremos que está cumprido ese feito, porque destinamos fondos propios e tamén europeos, como no proxecto Mar limpo.



A segunda pregunta tamén era o das campañas de información. Tamén cremos que está cumprido, coa nosa campaña Bye, bye plástico.

E a terceira das preguntas tamén era elaborar o plan específico, e tamén dicimos que está cumprido, porque xa se fai de xeito xeral e sostido desde hai anos, e existen nos portos contedores para tal fin, dispostos grazas a varios proxectos.

E despois a última das cuestións tamén, o de realizar a avaliación anual, pois tamén entendemos que está cumprido co informe que se presentou, ese informe executivo do que dei conta na miña primeira intervención.

Por iso nós entendemos que sen dúbida ningunha, e toda a sociedade, temos que loitar contra o cada vez menos uso do plástico, polo menos non tiralo, ben sexa no chan ou ben sexa nos mares. É un feito onde temos que concienciarnos socialmente todos, sen dúbida ningunha. E desde as administracións máis, porque á fin e ao cabo tamén temos que levar adiante accións, como vostede ben comenta e co que eu estou totalmente de acordo. É unha cuestión de todos e é unha cuestión na que ao final, se non participamos dun xeito positivo entre todos e ás veces nos deixamos de tirar trastos uns aos outros, é difícil que a xente nos entenda. Eu entendo que é un problema e entendo tamén que hai que facer cousas para intentar solucionalo.

Nós estámolo a facer, como lle acabo de comentar. Pero nós non facemos que facemos; esa expresión en inglés que non lla captei, pero que máis ou menos vén dicir iso de que facemos que facemos, ¿non?

Nós cremos que facemos. Pero estou máis en desacordo igual con accións que vostedes fan, non vostedes nin vostede en concreto, igual membros do seu Goberno. Nalgún momento, cando falaba da crise dos *pellets*, eu lamentei —díxeno xa desde o primeiro momento— unha acción que eu creo que non está ben feita, que é cando se esconde a basura debaixo da alfombra, que parece que está todo limpo e ao final resulta que está debaixo da alfombra.

A min sempre me estrañou, cando foi o problema dos *pellets*, unha vez que ao barco famoso lle caeron os contedores, que a información a ten o Goberno español, como o Goberno español non informou o Goberno galego de que caeran eses contedores. Iso está aí, é unha certeza. E o Goberno galego enterouse de que había uns contedores escondidos o día 3 de xaneiro, cando pasaran tres ou catro semanas desde que fora o problema. E iso é así, porque ademais temos os correos electrónicos que avalan este feito.

Entón, ter e saber que hai basura no mar, membros do seu Goberno, que non vostedes, ¡eh!, que membros do seu Goberno escondan esa información ao Goberno galego, ao Goberno de todos, para que entre todos solucionemos ese problema que pode haber, como houbo neste caso...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): ...pois eu creo que é peor proceder o seu que o noso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ben, creo que coa temperatura imos máis ou menos tirando. *(Murmurios.)* Digo que hoxe mellor. É difícil, pero imos mellorando.

Ben, rematou aquí o pleno.

Grazas.



Remata a sesión ás dúas e cincuenta e tres minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pomar Tojo, Carmen María	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
9. Candia López, María Elena	P	47. Prado Cores, María Montserrat	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado del Río, Paula	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Prieto Perille, Pablo Javier	P
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonso, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereza Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

